



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 42

VIII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 17 de marzo de 2010

Presidencia da Excma. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

Punto único:

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia 08/DEBA-0001 (22504)

Publicación, BOPG núm. 168/4, do 10.02.2010

Retómase a sesión ás catro e trinta minutos da tarde.

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (Punto único da orde do día.) (Continuación.)

A señora presidenta comunícalle á Cámara o modo no que se vai desenvolver o debate sobre as propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios. (Páx. 6.)

O señor secretario (Balseiro Orol) dálle lectura aos acordos da Mesa sobre as propostas de resolución. (Páx. 6.)

Rolda dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa das súas propostas de resolución: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 7), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 13.) e Sr. Puy Fraga (P) (Páx. 19.)

A señora presidenta suspende a sesión por un tempo aproximado de corenta e cinco minutos. (Páx. 25.)

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

Rolda dos grupos parlamentarios para posicionarse sobre as propostas de resolución dos demais grupos: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 25.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 28.) e Sr. Puy Fraga (P) (Páx. 30.)

A señora presidenta dálle a palabra ao señor secretario da Mesa (Balseiro Orol) para que lles dea lectura ás propostas modificadas ou transaccionadas. (Páx. 32.)

O señor Ruíz Rivas (P) pide a palabra, que lle é concedida pola señora presidenta, para expoñer unha aclaración sobre as transaccións. (Páx. 35.)

A señora presidenta suspende a sesión por uns minutos para poder resolver as dúbidas ou erros que puidese haber na relación de propostas transaccionadas, así como para organizar a súa votación considerando as peticións dos grupos. (Páx. 35.)

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

Votación das propostas de resolución.***Votación das propostas transaccionadas entre os distintos grupos.***

Votación das transaccións números 4, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 21, 22, 23, 24 e 25: *aprobadas por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35)

Votación das transaccións números 2 e 5: *aprobadas por 62 votos a favor, ningún en contra e 12 abstencións.* (Páx. 35)

Votación das transaccións números 1, 3 e 8: *aprobadas por 62 votos a favor, 12 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Votación das transaccións números 18, 19 e 20: *rexeitadas por 36 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Votación das propostas de resolución pertencentes ao G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás as transaccionadas.

Votación da proposta de resolución número 249 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *aprobada por 50 votos a favor, ningún en contra e 24 abstencións.* (Páx. 36.)

Votación das propostas de resolución números 154, 161, 209 e 322, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *aprobadas por 50 votos a favor, 24 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación das propostas de resolución números 37, 58, 67, 126, 151, 152, 157, 160, 183, 211, 212, 213, 228, 253, 259, 306, 308 e 323 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *aprobadas por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación das propostas de resolución números 28, 48, 99, 108, 112, 115, 135, 143, 147, 165, 174, 176, 250, 261, 264, 268, 277, 284, 288, 289, 296, 300, 305, 310, 319, 325 e 408 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 12 votos a favor, 38 en contra e 24 abstencións.* (Páx. 36.)

Votación das propostas de resolución números 3, 131, 136, 150, 153, 162, 198, 207, 262, 269, 276, 278, 279, 285, 297, 298 e 319 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 12 votos a favor, 62 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación das demais propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego agás as xa votadas: *rexeitadas por 36 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación das propostas de resolución pertencentes ao G. P. dos Socialistas de Galicia, agás as transaccionadas.

Votación do punto 10 da proposta de resolución número 3 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitado por 24 votos a favor, 50 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación dos puntos 3 e 5 da proposta de resolución número 3 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobados por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación do resto dos puntos da proposta de resolución número 3 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitados por 36 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación do punto 6 da proposta de resolución número 28 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobado por 62 votos a favor, ningún en contra e 12 abstencións.* (Páx. 37.)

Votación dos restantes puntos da proposta de resolución número 28 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitados por 24 votos a favor, 38 en contra e 12 abstencións.* (Páx. 37.)

Votación do punto 5 da proposta de resolución número 11 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitado por 24 votos a favor, 49 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación da proposta de resolución número 11 do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás o punto 5: *rexeitada por 36 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación da proposta de resolución número 1, o punto 5 da proposta número 2, o punto 2 da proposta número 5, o punto 3 da proposta número 6, os puntos 1, 2 e 5 da proposta número 9, o punto 1 da proposta número 16 e o punto 1 da proposta número 18, do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobados por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación dos restantes puntos e propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás os xa votados: *rexeitados por 36 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Votación das propostas de resolución pertencentes ao G. P. Popular de Galicia, agás as transaccionadas.

Votación da proposta de resolución número 85 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Votación da proposta de resolución número 15 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 50 votos a favor, 24 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Votación da proposta de resolución número 13 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 50 votos a favor, 24 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Votación das propostas de resolución números 6, 42 e 47 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Votación das propostas de resolución 5 e 40 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 38 votos a favor, 24 en contra e 12 abstencións.* (Páx. 39.)

Votación da proposta de resolución número 60 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 62 votos a favor, ningún en contra e 12 abstencións.* (Páx. 39.)

Votación das propostas de resolución números 3, 19, 20, 21, 24 e 63 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 38 votos a favor, 12 en contra e 24 abstencións.* (Páx. 39.)

Votación das propostas de resolución números 4, 7, 11, 17, 18, 19, 21, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 36, 39, 55, 58, 61, 62, 65, 66, 67, 68, 69, 73, 74, 82 e 83 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Votación do resto das propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia, agás as xa votadas: *aprobadas por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Logo de efectuada a votación das propostas de resolución, a señora presidenta anuncia que os grupos parlamentarios renuncian á rolda de explicación de voto e, polo tanto, dá por finalizada a orde do día e a sesión.

Remata a sesión ás dez e corenta e cinco minutos da noite.

Retómase a sesión ás catro e trinta minutos da tarde.

A señora PRESIDENTA: Boas tardes, señorías.

Vaian ocupando os seus escanos, por favor.

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma. (Continuación.)

A señora PRESIDENTA: Reiniciamos a sesión co debate e a votación das propostas de resolución presentadas polos distintos grupos.

A sesión vaise desenvolver do seguinte xeito:

En primeiro lugar, unha rolda de intervencións dos voceiros dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global de todas as propostas de resolución, por un tempo máximo de trinta minutos por grupo parlamentario.

A continuación, suspenderase a sesión por un tempo aproximado de corenta e cinco minutos, para que os grupos parlamentarios intenten chegar a acordos en canto ás propostas de resolución presentadas. Digo aproximado porque ás veces sei que cumprir estritamente os corenta e cinco minutos dos grupos é difícil, pero intentaremos axustalo o máis posible; en calquera caso tamén quero dicirlles ás súas señorías que soarán os timbres coa suficiente antelación.

A continuación da sesión cunha rolda de posicionamento dos grupos parlamentarios en relación coas propostas dos outros grupos, por un tempo de dez minutos por grupo parlamentario.

Seguidamente, a votación das propostas de resolución. Fixarase a hora de votación non antes das 20,30 horas, ás oito e media da tarde.

E, finalmente, unha rolda de explicación de voto de cinco minutos por grupo parlamentario.

De seguido, concédeselle a palabra ao secretario da Cámara para que dea lectura aos acordos da Mesa sobre as propostas de resolución admitidas pola propia Mesa.

Señor Balseiro, ten a palabra.

O señor SECRETARIO (Balseiro Orol): Grazas, señora presidenta.

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 17 de marzo de 2010, logo de examinar as propostas de resolución formalizadas polos grupos parlamentarios en relación co debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a ordenación do debate aprobado pola Mesa do Parlamento e a Xunta de Portavoces o 15 de marzo de 2010 e o disposto nos artigos 48 da Lei reguladora da Xunta e da súa presidencia e 141 do Regulamento da Cámara, adoptou o seguinte acordo:

«Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, documento número 28.671.

Propostas de resolución admitidas a trámite:

Decláranse congruentes e admítense a trámite as 325 propostas de resolución presentadas, coas observacións seguintes:

Proposta de resolución número 163: conforme os precedentes desde o Acordo da Mesa do Parlamento do 20 de novembro de 2006, os grupos de traballo carecen de cobertura no Regulamento da Cámara, polo que, de aprobarse a proposta, o órgano que se pretende crear deberá revestir as características típicas dalgunha das figuras orgánicas previstas no Regulamento do Parlamento de Galicia.

Proposta de resolución número 242: substituír “a lei” por “o proxecto de lei”.

Proposta de resolución número 325: apréciase na parte final do texto a omisión dunha expresión que precise o momento temporal para acadar o obxectivo solicitado.

Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, documento número 28.669.

Propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas admitidas a trámite:

Decláranse congruentes e admítense a trámite as 29 propostas de resolución.

En relación coas liñas 2, 3, 4 e 5 da proposta de resolución número 29, na que se propón a constitución de catro comisións non permanentes, debe advertirse que con independencia do acordo do Pleno se precisa o cumprimento do establecido nos artigos 50 e 51 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular, documento número 28.670.

Propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular admitidas a trámite:

Decláranse congruentes e admítense a trámite as 85 propostas de resolución, coas observacións seguintes:

Proposta de resolución número 74, débese substituír o termo “establecía” por “establece”.

Proposta de resolución número 85, aparentemente entre a frase “ensino non universitario” e a frase “o galego e o castelán” falta un nexo para a correcta comprensión do texto.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2010.»

Nada máis, señora presidenta, e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, secretario.

Pasamos pois ao debate das propostas de resolución, comenzando pola rolda dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global das mesmas.

En primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra dona Ana Belén Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi boas tardes, señores deputados, señoras deputadas.

Señor presidente da Xunta de Galiza, temos que dicirlle que desde o Bloque Nacionalista Galego enfrontamos este

debate, esta parte final do debate do estado da nación, con moita maior preocupación da que tiñamos no día de onte. Vemos un presidente da Xunta de Galiza encastelado, que non acaba de asumir que ten a responsabilidade de gobernar; un presidente que onte fuxiu sobre a avaliación do seu primeiro ano á fronte do Goberno, seguramente porque é consciente de que o balanço non o favorece, que as mentiras e a demagogia que gastaba na oposición non só non serven para gobernar, senón que son unha arma de dobre fío que agora se volven contra vostede.

Remataba onte a súa intervención dicíndonos que votaba en falta as propostas do Bloque Nacionalista Galego deste debate. Ben, aquí as ten hoxe: máis de 300 propostas de resolución que pretenden modificar a inactividade do seu Executivo, que pretenden impulsar políticas que permitan que Galiza enfrente esta situación de crise económica, que apostan por defender un modelo social que estea sustentado na igualdade e na cohesión social e tamén por frear as políticas que agriden o futuro da lingua e da nosa cultura.

Señorías, as nosas propostas de resolución parten do convencemento de que o Goberno galego ten posibilidades de actuación máis alá das que parece querer asumir o presidente da Xunta de Galiza. Nós, como nacionalistas, sabemos que moitos dos problemas do noso país precisan dun maior autogoberno, de maior capacidade política para enfrontalo, pero en todo caso isto nunca pode ser unha escusa para ter un Goberno que é un espectador da realidade, porque vostedes, señorías, teñen competencias, teñen un orzamento de máis de 11.000 millóns de euros e, polo tanto, mecanismos para poder actuar e incidir na realidade actual.

Parten tamén as nosas propostas dunha lóxica galega. A nosa lealdade, señor presidente, non é ao seu Goberno; a nosa lealdade está vinculada coa defensa dos intereses de Galiza e dos galegos e das galegas. Partimos ademais da convicción de que Galiza é unha nación con capacidade económica, con capacidade para xerar emprego e riqueza e, polo tanto, para inverter a dinámica económica e demográfica que vivimos. Propostas, señorías, que invitan ao Goberno a saír da súa indolencia e da súa falta de iniciativa. En definitiva, que asuman dunha vez que son vostedes o goberno da Xunta de Galiza e que teñen a responsabilidade de gobernar, que non están postos aí nin para ser un ariete do Goberno central –utilizando por certo as institucións galegas ao servi-

zo dunha estratexia partidista e estéril—, nin para facer oposición a un Goberno que xa non existe.

Realizaba onte o noso portavoz a diagnose do seu primeiro ano de Goberno e comprobamos como as promesas que fixo en campaña electoral, as posicións que mantiña cando vostede estaba no Goberno, esvaéronse coa mesma rapidez que os compromisos adquiridos no debate de investidura. Estamos ante un ano no que o Goberno estivo de brazos caídos ante a crise, de brazos caídos ante o incremento de galegos e galegas no paro. Un Goberno que centrou os seus esforzos en desfacer políticas que eran positivas para este país, polo simple feito de que tiñan orixe nun Goberno con cor política diferente. Un ano onde o Goberno, señorías, non brillou nin destacou polos seus acertos, senón máis ben que estivo caracterizado polos seus desacertos e desatinos. Mesmo tivemos algúns casos ben recentes que nos fixeron sentir vergonza allea por declaracións e actuacións desafortunadas carentes do mínimo respecto institucional que se lle presupón a quen ocupa tan alta responsabilidade.

Temos, señorías, un Goberno e un presidente que neste ano xa nos ten demostrado que entende por rexeneración democrática e cales son os principios éticos que o asisten. A súa carta de presentación neste terreo son as mocións de censura cociñadas na Deputación de Pontevedra ou fichaxes como a de Ourense. Temos un Goberno e un presidente que mente neste Parlamento con total impunidade, sen que haxa ningún tipo de rectificación. E temos que lamentar que onte mesmo o Goberno, o presidente deste Goberno, volviera facer actos deste tipo que cremos nós que vulneran claramente o funcionamento democrático deste sistema e que ademais atacan eses principios éticos e esa resignación democrática da que vostede nos falaba.

Ou temos tamén outros exemplos que son moi claros de por onde vai a súa rexeneración democrática: nomear, señorías, un director da Compañía da Radio-Televisión de Galiza sen consenso deste Parlamento —ao BNG, desde logo, non nos convidou nin nos chamou a participar dese consenso—, e que vemos como segue vulnerando os principios que rexen neste momento a Compañía da Radio-Televisión de Galiza, que máis ben son uns medios de comunicación públicos ao servizo do presidente e ao servizo do seu partido.

Temos tamén que lamentar que vostedes neste primeiro ano tiveran feito nos ataques á lingua galega o seu sinal de identidade. Cóstanos que non fan unha política contra o galego por descoñecemento da posición social da nosa lingua. Vostedes, señorías, non son descoñecedores da marxinalización histórica da lingua galega, nin da situación de desvantaxe social que sofre en Galiza; non descoñecen a escasa presenza que ten nos medios de comunicación, no ocio, no mundo da xustiza, na administración, no comercio; non descoñecen vostedes cal é a realidade que ten neste momento a lingua galega. Iso si, semella que infravaloraron e descoñecían o amor que os galegos lle profesan ao seu idioma.

Temos claro que manteñen esta posición porque decidiron asumir un programa que busca non só perpetuar esta situación discriminatoria para o galego, senón deteriorar aínda máis a súa situación. Son vostedes cativos de posicións deformantes, de prexuízos históricos cara ao galego, alimentados neste momento por sectores ultraespañolistas e reaccionarios que se senten atacados pola simple existencia da lingua galega. Prostitúen —mesmo onte aquí nesta Cámara— a palabra liberdade para pisotear dereitos individuais e colectivos que nos asisten como pobo e que ten o noso idioma. Mesmo se atreven a presentar normas que vulneran con claridade o que recolle o noso Estatuto de autonomía, a Lei de normalización lingüística ou mesmo a doutrina que asentou o tan nomeado ultimamente Tribunal Constitucional.

Permítannos que llelos lembremos segundo lles di a Real Academia Galega no seu posicionamento sobre esas bases do decreto. Dilles con claridade: “O Tribunal Constitucional na Sentenza 195/1989 declarou que ningún dos múltiples apartados do artigo 27 da Constitución española inclúe como parte ou elemento de dereito constitucionalmente garantido o dereito dos pais a que os seus fillos reciban educación na lingua de preferencia dos seus proxenitores no centro docente público da súa elección”. E di máis: “Ademais —en contra do que din vostedes como se viu noutra sentenza—, admite coa mesma condición que o centro de gravidade do ensino estea na lingua cooficial local para corrixir desequilibrios históricos. Sendo isto así, a consulta vinculante aos pais sería un acto contrario á lexislación realizado por unha administración, que, pola contra, está obrigada a protexer a lingua propia de Galiza para corrixir positivamente unha situación histórica de desigualdade respecto ao castelán”.

Isto é, señorías, o que lles di a Real Academia Galega e o propio Tribunal Constitucional.

Mais pensamos que o dato máis revelador das súas mentiras a respecto do galego é o feito de que levan un ano cun decreto en vigor que non provocou ningún tipo de problema nos centros do ensino, que non xera ningún tipo de tensión. Son vostedes coas súas políticas de ataque ao galego os que están alentando e sementando a discordia. Porque vostedes non están defendendo nin a igualdade nin a cordialidade entre as linguas, vostedes estanse convertendo en auténticos verdugos do galego e confunden interesadamente o feito de ter unha maioría neste Parlamento con ter patente de corso para atacar e violar os dereitos lingüísticos do galego. Pedímoslles hoxe que escoiten aos milleiros de homes e mulleres deste país que se levan mobilizado ao longo deste ano, a opinión de todas esas persoas e institucións que están demostrando o rexeitamento a esta política de ataque á lingua galega, aos sindicatos do ensino, ANPAs, consellos escolares, aos movementos de renovación pedagóxica, ao Consello Galego da Cultura, á Real Academia Galega.

Teñen hoxe, en todo caso, señorías, unha oportunidade para volver ao consenso. Ofrecémoslle nestas propostas de resolución. Iso si, o consenso debe partir por desandar todo o camiño que vostedes fixeron de desprotección do galego e de ataques ao galego. Eliminaron as probas obrigatorias de galego nos procesos selectivos do ensino, substitúen as galescolas por galiñas azuis para eliminar as garantías lingüísticas no ensino infantil, suprimiron as axudas á tradución ao galego, estallles requirindo aos concellos que non introduzan o galego nos seus procesos selectivos, eliminan a proba de galego na sanidade. Poderíamos así seguir enumerando e enumerando todas as medidas que nun só ano vostedes levan feito en contra do galego. Pedímoslles, polo tanto, que teñan hoxe o xesto de rectificar, de demostrar o seu amor pola lingua retirando estas medidas e o anteproxecto denominado do plurilingüismo, que é claramente un ataque ao galego.

Son vostedes, en todo caso, os que hoxe teñen que decidir se prefiren seguir do ganchete cos que atacan ao galego ou volver ao consenso xerado no Plan de normalización lingüística. Son vostedes os que teñen que decidir se queren o galego e queren potencialo ou, moi na contra, queren instaurar unha nova noite de pedra para a nosa lingua. En todo

caso, cremos que mellor lle tería ido a este país se en vez de dedicar tantos esforzos a atacar ao galego concentraran as súas actuacións en loitar contra a crise económica.

En campaña electoral o daquela candidato a presidente asinaba un contrato cos cidadáns, un contrato que –segundo afirmou onte aquí nesta Cámara– seguía plenamente vixente e revalidado. Creemos que é oportuno recordarlle iso que dicía no primeiro punto este contrato: combater o paro como máxima prioridade do Goberno e recuperar a senda de creación de emprego, garantindo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Sen embargo, onte mesmo aquí o presidente da Xunta xa dicía que o seu contrato non era este, o seu obxectivo era desacelerar o crecemento do paro. E o que a nós nos parece máis grave é que neste asunto fixo unha intervención dunha gran frivolidade que demostra –e cun ton nalgúns momentos triunfalista– que nos parece que non é o que merece e que non é o que neste momento están esperando oír os galegos e galegas, aquelas persoas que aínda están no paro.

Teñen vostedes, señorías e señores do Partido Popular, hoxe a través das accións do seu Goberno o número máis elevado de persoas no paro desde que existen rexistros estatísticos. Hoxe hai 31.000 persoas no paro máis que hai un ano. Con este Goberno unido e coordinado duplícase o número de persoas menores de 30 anos que non teñen emprego. Temos 90.000 galegos e galegas que non teñen ningún tipo de prestación por desemprego. Pero, sen embargo, ao señor Núñez Feijóo e aos señores do Partido Popular parécelles que a cousa non vai mal, que van polo bo camiño.

Nós –como xa lles dixemos onte– cremos que a solución non vai vir de plans virtuais, de programas que só existen no papel, non vai vir de axilizar os ERE, de deslocalizar a produción ou reducir os recursos destinados ás políticas activas de emprego. Nós apostamos porque non se permita que os traballadores e traballadoras deste país paguen as consecuencias desta crise económica, porque nin son a orixe da crise nin van ser a súa solución. Non deixa de ser un contrasentido que unha crise que cando se orixinou todo o mundo coincidía en que era a consecuencia da falta de regulación dos mercados, dos abusos que levaron a un funcionamento temerario do sistema financeiro, teña hoxe como saída pactada manter a desregulación e incrementar a desprotección dos traballadores e das traballadoras.

En todo caso, non é esta a alternativa do BNG. Nós o que queremos é que a Xunta de Galiza mobilice a súa capacidade de actuación para enfrontar as consecuencias da crise, que cambie o paradigma, que utilice a inversión pública como revulsivo, que aposte pola intervención no sistema económico e que garanta, en todo caso, a industrialización do noso país, que apoie a aqueles sectores que realmente crean postos de traballo ou que reforce as medidas de protección social, como unha que nós hoxe lle propoñemos aquí nas nosas propostas de resolución, como é a creación dun salario social que permita a integración laboral de todas esas persoas que agora mesmo están no paro e que dea cobertura a aquelas que non teñen ningún tipo de prestación.

Apostamos tamén polos nosos sectores produtivos e non cremos que sexa unha política adecuada a limitación de recursos que vostedes están facendo neste momento. Cremos que o afogamento e cortar o grifo como está facendo o Goberno actual o único que vai facer é profundizar nas consecuencias da crise. Saben vostedes que no último ano desapareceron máis de 1.000 explotacións gandeiras, que temos unha crise de prezos ante a que o Goberno non actúa. E aquí permítanme determe porque onte o señor Núñez Feijóo afirmaba en sede parlamentaria, no seu discurso, que o prezo do leite no anterior Goberno estivera durante dezaseis ou dezanove meses consecutivos baixando. Ten aquí, señor Feijóo, cal é a evolución dos prezos do leite, e verá que no ano 2007 o prezo medio do leite estaba en cifras superiores aos 36 céntimos, que no ano 2008 tamén. E esta cifra vermella do ano 2009 son os prezos desde que vostedes chegaron ao Goberno. Polo tanto, non mintan a esta Cámara e asuman cal é a grave situación que ten neste momento o sector lácteo, e estean dispostos a enfrontala e non vir aquí con mentiras e con falsidades porque iso, señorías, non serve para solucionar o grave problema que ten o noso sector lácteo.

Nós, en todo caso, cremos que deben implicarse activamente na sinatura de contratos homologados para a percepción de prezos dignos, a continuar co tratamento de apoio excepcional ás explotacións lácteas que supón o contrato de explotación sustentábel. Medidas que vostedes teñen paralizadas, como tamén o Banco de Terras, que son básicas para incrementar a base territorial das explotacións e diminuír os custos de produción.

Hoxe, señorías, hai 1.500 empregos menos no sector pesqueiro e marisqueiro, e instámoslos a que fagan algo máis que declaracións de intención e que poñan en marcha medidas reais e efectivas para solucionar os problemas que ten a pesca no noso país.

Ou o mesmo poderíamos seguir así falando da falta de apoio e de medidas efectivas que vemos en sectores estratégicos como o da automoción e a falta de medios que vostedes están tendo no ámbito do I+D+i.

Preocúpanos moito, señorías, ao Bloque Nacionalista Galego que as pequenas e medianas empresas do noso país sigan hoxe lastradas pola falta de acceso ao crédito. E cremos que é o momento de apostar porque a Xunta de Galiza tamén utilice a capacidade que ten para incidir neste ámbito. Nós propoñemos a creación dun Instituto Galego de Crédito, que aglutine os mecanismos que neste momento hai na actualidade, mais que teña vocación de constituírse nunha verdadeira banca pública galega que actúe ante este tipo de problemas que están lastrando a moitos dos nosos sectores económicos.

Invitámoslos, señorías, a saír da súa apatía, a incrementar a licitación de obra pública e a poñer en marcha medidas que dinamicen os nosos sectores estratéxicos.

Temos que dicir –e tamén o manifestabamos onte– que estamos moi preocupados e preocupadas por como está evoluíndo o Xacobeo. As estatísticas oficiais –non as que nos dixo onte aquí o señor Feijóo, que non sabemos aínda de onde saíron– o que nos din é que hai no mes de xaneiro un descenso da ocupación hoteleira en Galiza, mentres que esta repunta no Estado. Teñen vostedes un Xacobeo que é un auténtico despropósito. A evidencia máis clara deste mal facer no tema do Xacobeo pode estar evidenciada non só nestes datos, senón en feitos como que teñen que cambiar a campaña de promoción nada máis empezala, que sigan vostedes insistentemente alimentando empresas de fóra deste país, mentres os nosos sectores vinculados co turismo, vinculados coa difusión, vinculados co ámbito das empresas industriais están afogados, sen que teñan solucións nin vexan no Xacobeo ningún tipo de alternativa. Nós temos que dicir que esperamos que dunha vez o Goberno nos envíe á Cámara os datos sobre o Xacobeo, que nos diga que empresas se están contratando, que nos diga realmente a onde

están destinando os recursos do Xacobeo. Porque están mentindo cando din que o 75 % dos fondos do Xacobeo están destinados ás empresas deste país; é unha auténtica falsidade. Cremos ademais que unha boa mostra da vontade de rectificar sería, en todo caso, que apoiaran as resolucións que neste sentido presenta o Bloque Nacionalista Galego.

Vimos tamén no debate de onte como esa suposta austeridade da que fai gala o Goberno do Partido Popular non está traendo ningunha medida, nin está sendo ningún revulsivo para saír da crise. Xa vimos como non hai austeridade, xa vimos como se incrementan os gastos correntes con este Goberno. E eses recursos que en teoría ía aforrar o Goberno, que ían destinados a un plan de choque, quedou demostrado que non existían máis alá das declaracións que fixeron os membros do Goberno. Nós, en todo caso, temos propostas de maior calado no que se refire á reforma administrativa da Xunta de Galiza. Apostamos por reformar a administración; por suprimir realmente aquelas estruturas administrativas que non cumpren ningunha función, porque seguen, por exemplo, mantendo vostedes as fundacións comarcais e Asodeco. Sen embargo, parécenos que esas si que son medidas que deberían de adoptar vostedes no terreo do aforro e no terreo da eficacia do funcionamento da administración.

En definitiva, nós temos unha gran preocupación pola situación de crise económica. Preocúpanos ademais a falta de actividade que está tendo este Goberno. E o que presentamos aquí son un conxunto de propostas de resolución que os invitan a saír da súa apatía, que os invitan a que collan realmente o temón deste país e que adopten aquelas medidas que aposten pola creación de emprego e pola dinamización da nosa economía, que aposten de verdade por corrixir os desequilibrios territoriais e por un modelo de desenvolvemento sustentábel.

Temos que dicir que neste terreo, no da sustentabilidade da ordenación do territorio, non podemos estar de acordo coas medidas que tomou o Goberno e que ten anunciado no día de onte o presidente da Xunta de Galiza. Gustaríanos en todo caso que se nos aclarara que entende o Goberno da Xunta por ofertar un pacto en materia do territorio.

Nós non sabemos se para vostedes ofertar un pacto en materia do territorio é retomar un proxecto como o de Tou-

riñán, subordinando o interese xeral aos caprichos dunha empresa.

Non sabemos se para vostedes ofertar un pacto do territorio significa tramitar de maneira unilateral unha lei polo trámite de urxencia que promulga unha amnistía xeral para as desfeitas urbanísticas que vostedes propiciaron.

Nós, señorías, non sabemos se ofertar un pacto en serio polo territorio se pode traducir en que nos presenten un Plan de ordenación do litoral que non consensuaron nin falaron con ninguén e que ten erros técnicos de gran calado, como pode ser, por exemplo, considerar o porto de Marín –que quero dicirlles que son naves industriais declaradas ilegais por unha sentenza– como un asentamento tradicional, mentres todos os núcleos do noso litoral fican fóra do ordenamento.

Non estaría mal, señorías, que nos dixeran en que se sustenta un acordo polo territorio. Nós temos disposición no BNG a poder chegar a acordos. En todo caso, os acordos polos que nós pularemos camiñan noutra dirección:

Nós acreditamos en que hai que protexer o noso medio ambiente, ordenar o territorio e que tamén aqueles espazos que teñen un valor singular deben ser preservados e non regalados a unha empresa.

Cremos que o desenvolvemento empresarial hai que planificalo. Cremos que hai que axudar realmente os concellos para que teñan plans xerais de ordenación municipal e non utilizar –por certo, como están facendo vostedes neste momento– a Dirección Xeral de Urbanismo para intentar boicotear e limitar a capacidade dalgúns gobernos que non son da súa cor política.

Cremos que para poder falar dun pacto polo territorio en serio terían vostedes que retirar ese Plan de ordenación do litoral, refacer eses graves erros técnicos que ten e iniciar o proceso polo principio, que son as directrices de ordenación do territorio.

E temos tamén que lamentar que non vexamos avances no desenvolvemento de modelos sustentábeis. Vostedes, señorías, non apostan pola intermodalidade, non están apostando dunha maneira real –e diso dan fe os seus orzamentos–

por constituír un ente público ferroviario en Galiza que nos permita ter servizos de proximidade do noso país. Non están apostando tampouco por abandonar ese modelo de xestión nefasto que impuxo o Partido Popular que pode ser Sogama e o que nos presentan son os mesmos modelos que xa ensaiaron antes e que fracasaron.

Acreditamos, señorías, que o autogoberno é unha necesidade do pobo galego; autogoberno ao servizo do desenvolvemento do noso país. Cremos que é básico para poder darlles resposta a moitos dos problemas que temos hoxe en día. A verdade é que temos pouca fe nun Goberno que non considera que este sexa un aspecto relevante, que ten dito por activa e por pasiva neste Parlamento que esta non é a súa tarefa prioritaria. Quizais por iso, señorías, non foron capaces de verificar nin unha soa transferencia ao longo deste ano que levan no Goberno. E nós ao que instamos é a que traballen para completar as transferencias que xa estaban iniciadas e, sobre todo, a que corrixan esa actitude errática —que xa tiveron no pasado— de vetar a posibilidade de que Galiza incremente o seu autogoberno a través dun novo Estatuto.

Nós, desde logo, o que pensamos é que unha tarefa deste calado, cando vemos como no Parlamento se están constituíndo ponencias por leis doutro tipo, non pode estar residente no Goberno. Vostedes queren limitarlle ao Parlamento a capacidade que ten para legislar no ámbito máis importante e cremos que isto é un erro. Nós apostamos en todo caso porque ten que ser o Parlamento quen tome a iniciativa neste ámbito, pero tamén coas cartas para arriba. Queremos saber cales son as propostas que teñen os outros grupos para saber se podemos enfrontar en serio esta proposta ou vai ser un tema que se saquen da chisteira simplemente para ternos entretidos.

Pensamos ademais, señorías, que hai outra actitude que revela a súa falta de convencemento e a súa falta de compromisos reais con este país. Levamos e sabemos que moitos dos nosos problemas, moitas das decisións que afectan aos nosos sectores produtivos se toman fóra das nosas fronteiras, se toman na Unión Europea. Nós pensamos que o Goberno galego ten que facer algo máis que ser espectador das decisións que se toman na Unión Europea. Nós cremos que Galiza ten que ter dereito a participar directamente nas institucións europeas.

Pero tamén temos que dicir que é lamentábel que ante unha oportunidade como a que tivemos ou como a que aínda podemos ter dunha presidencia española da Unión Europea, o Goberno galego non teña mobilizado nin despregado ningunha estratexia institucional para verificar os acordos que tivemos nesta Cámara. Nós trouxemos unha moción a este Pleno para marcar unha axenda galega en relación coa Unión Europea. O problema é que o Partido Popular se limitou a votar que si a esa proposta aquí e logo tivemos un Goberno que se esqueceu dela. Polo tanto, instámoslos a que non perdan esa iniciativa.

E para nós unha cuestión importante —e non podíamos pasar sen tocala neste debate— é que estamos ante un momento clave para evitar un desagravio a Galiza no ámbito financeiro. Para nós ter caixas ou non vai determinar as posibilidades de desenvolvemento económico de uso do aforo dos galegos en beneficio colectivo.

Crems que o BNG estivo á altura das circunstancias, pero tamén neste momento parécenos que o Goberno ten que demostrar que está á altura das circunstancias do momento que vive o noso país. Polo tanto, requirímoslles que se interpoña inmediatamente o recurso contra o FROB, que se rachen negociacións e que non se participe en ningunha negociación que devalúe as leis que este Parlamento aproba. E tamén reiteramos a petición de que o Goberno central retire ese recurso ante a Lei de caixas, porque sabemos que ten unha intencionalidade claramente política.

Non concordamos para nada, señorías, co que vén sendo o seu deseño en materia de servizos públicos. Vostedes levan un ano desfecendo, paralizano e intentando privatizar un dos elementos máis importantes para facerlles fronte ás desigualdades sociais.

Estamos cunha crise económica, estamos vendo como hai moita xente que ve reducidos os seus recursos ou que non ten recursos, e a alternativa do Goberno do Partido Popular, alternativa do señor Feijóo, é reducir os servizos públicos, privatizar hospitais, privatizar centros de día, privatizar escolas infantís, privatizar residencias. Nós, señorías, crems que isto é unha política errática desde todo o punto de vista e, polo tanto, o que lles pedimos é que modifiquen as cousas.

As listas de espera, señora Farjas, non se solucionan con datos falseados, nin pasándolle datos falsos ao presidente da

Xunta de Galiza, que parecía descoñecer no debate de onte que as listas de espera se incrementaron no seu ano.

Non se apoia nin se facilita a conciliación da vida laboral e familiar tendo centros de día construídos e pechados. Non se apoia ás mulleres deste país tendo escolas infantís pechadas ou paralizando un proceso que permita incrementar o número de prazas públicas. Tampouco, señorías, se axuda ás mulleres deste país con políticas como a supresión do Servizo Galego de Igualdade. Temos que dicir que aínda non escoitamos nin unha soa razón de peso que xustifique a necesidade de suprimir este organismo. En todo caso, para nós a política real que vostedes están facendo nesta materia é unha política que ataca claramente ao dereito á igualdade e que ataca claramente ás posibilidades reais das mulleres de superar as discriminacións que temos.

Nós, señorías, pensamos que é necesario que este Goberno cambie de rumbo, que cambie de rumbo tamén en relación coa Cidade da Cultura. Reclamámoslles que actúen neste terreo con transparencia. Queremos saber cales son os prazos reais, porque onte o presidente da Xunta non nolos dixo. Queremos saber tamén cal é o ritmo inversor que lles van dar a esas obras, porque pensamos que o mínimo é clareza sobre cal é a planificación que ten nesta materia o Goberno. E tamén queremos falar de cal vai ser o deseño cultural que vai ter a Cidade da Cultura, porque para nós ou eses edificios están en relación e en función das necesidades culturais que ten este país, ou iso si, señoría, sería un auténtico desastre.

Nós tamén non queríamos deixar de rematar sen referirnos ao pacto pola demografía ao que nos invitaba o presidente da Xunta de Galiza. Está ben querer chegar a acordos sobre aspectos que son estruturais. Agora ben, vostedes terán que dicirnos tamén en que asentan un pacto pola demografía, que credibilidade podemos darlle ao señor Feijóo cando fala deste tipo de temas se logo practica unha política que recorta servizos públicos, se logo practica unha política na que o único que están facendo é destruír emprego, destruír a capacidade produtiva deste país. Terannos que dicir en que sustentan vostedes este pacto pola demografía.

E permítanme, señorías, concluír con outra das grandes referencias que nos fixo onte tamén o presidente da Xunta. Díciános que viña a esta Cámara o presidente da Xunta facendo gala de galeguismo, presumindo de que instaurara

un novo galeguismo. Podíamos en todo caso desde o BNG responderlle con aquel dito popular que di aquilo de “dime de que presumes e direiche de que careces”.

Mais, señorías, temos que dicir que despois de todo o que levamos visto neste ano, despois de todo o que levamos escoitado por parte do señor Núñez Feijóo, nós concluímos que vostede máis que instaurar un novo galeguismo, instaurou un galeguismo de desván.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra don Xoaquín María Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Boas tardes, señoras e señores deputados.

Señora presidenta.

Entramos nesta segunda fase do debate do estado da autonomía do ano 2010 cunha sensación estraña, é unha mezcla de desamparo e de desacougo. Desamparo porque na conxuntura económica máis complicada nós entendemos que o presidente da Xunta de Galicia está de ouvinte diante das dificultades das persoas, das familias, das empresas, ou se queremos sermos un pouco máis benévolos: que está asumindo o papel dunha especie de centro de clasificación postal que reenvía a todos os enderezos, ao pasado, ao Goberno de España, aos concellos, a todos os que pode as dificultades. Ao igual, se me permiten unha referencia literaria, que na novela chamada *A casa de Deus* de Samuel Shem, onde os médicos dese hospital pois estaban empeñados en reexpedir a outros servizos todos os doentes que lle chegaban para non ter que facer nada con eles. O que nos produce un fondo desacougo, señor presidente, porque non existe unha corrosión máis insidiosa do noso modelo de autogoberno xustamente que non exercelo, que non exercelo cando a situación esixe unha acción pública eficaz.

Señores deputados, en vez do estado da nación, este debate, se atendemos á parálise do último ano, ben podería chamarse do estado da inacción. E iso define o que foi este ano na presidencia do señor Núñez Feijóo.

E a partir de agora non deberían existir excusas, a responsabilidade do presidente da Xunta de Galicia é agora plena, sen paliativos, por moito que se tivese trocado nun fecundo inventor de chibos expiatorios aos que culpar cando as conxunturas se tornan críticas.

Responsabilidade plena porque xa entramos no segundo ano de goberno, xa non hai a excusa do Goberno anterior, da herdanza. Xa estamos nun exercicio que nos leva xustamente ao ecuador da lexislatura.

Responsabilidade plena porque ten elaborado os seus orzamentos para o ano 2010, cos votos do seu grupo. É certo que con escasa atención ás demandas que lle faciamos da oposición, sen apenas integrar algunha delas.

Responsabilidade plena porque o abuso dun procedemento que se cre extraordinario, como o de lectura única, ten permitido ao Goberno do señor Núñez Feijóo modificar o marco normativo para axustalo ás súas necesidades, cunha entrega por certo do Grupo Popular digna de mellor causa.

E responsabilidade plena tamén pola súa situación de maioría absoluta, que lle permite traballar no ámbito parlamentario –como dicía antes– con total prontitude.

Non hai excusas. Esa manida estratexia de parapetarse detrás do Goberno anterior ou do Goberno de España se é o caso, para eludir as responsabilidades, eu creo que pouco a pouco vai perdendo toda credibilidade. Sobre todo nun presidente que cando non o era aseguraba ter todas as fórmulas, como unha especie de vendedor de elixires máxicos, para solucionar todos e cada un dos problemas, das dificultades nun brevísimo prazo de tempo, desde o cobro das axudas da dependencia, que xa sabemos que aumentaron sensiblemente os prazos, até o desemprego, que tamén aumentou; das listas de agarda, que tamén aumentaron, aos problemas de liquidez das empresas. Dese Superman da xestión ou, se prefiren unha metáfora máis acorde cos usos da dereita española, un Cid Campeador da administración pública ou un Alexandre da gobernación, que cun golpe de espada era capaz de romper o nó gordiano que tiña atenazada á nosa sociedade. E, sen embargo, á hora da verdade, onte volve facer, señor Núñez Feijóo, un discurso de investidura, outra vez, un ano despois, que é unha especie de recoñecemento do ano perdido, que non dá conta da súa xestión, senón que se cen-

tra en explicar os logros debidos á xestión dos outros, do Ministerio de Fomento, das universidades públicas de Galicia.

Eu extraio unha primeira conclusión: Alberto Núñez Feijóo ten agora xa sobre si a plena responsabilidade do que sucede en Galicia, e a acción do Goberno vai ser avaliada polos seus feitos e non polas intencións proclamadas. Mentres que o presidente da Xunta de Galicia segue aí aínda instalado nas promesas, nas propostas *ad calendas grecas*, nas vanas ilusións co que intenta convencer á cidadanía.

Hai agora aproximadamente un ano, o presidente da Xunta, desde a oposición, resumía o seu diagnóstico da situación nunha frase: “o gran problema que tiña Galicia era o anterior Goberno da Xunta”, que habería de agardar do seu cambio unha solución rápida das dificultades, abertura de novos consensos en torno ás propostas dun líder audaz e recoñecido. Xa saben vostedes que cando menos na miña opinión nada disto ten sucedido.

Pero non atendan só ás miñas palabras, interrúguense vostedes mesmos coa gran pregunta que deben facerse todos os cidadáns: ¿está Galicia hoxe mellor ou peor que hai un ano? Esa é a gran cuestión. Ou calquera cidadán de Galicia: ¿está vostede, cidadán de Galicia, mellor ou peor que hai un ano? Esa é a gran cuestión. Ao erguerse cada mañá, ¿faino en condicións máis favorables, con máis optimismo, con máis esperanza no futuro dos seus fillos? E, sobre todo: ¿que ten feito a Xunta de Galicia para que esteamos máis protexidos cunha rede de seguranza pública máis sólida, con ferramentas máis eficaces para afrontar o presente e as incertezas do futuro?

O triste é que os galegos non deben preguntarse hoxe o que están facendo por eles mesmos e o seu país, que é pelexar duramente por saír adiante. O triste é que se preguntan moitos galegos que está facendo por eles o Goberno da Xunta de Galicia. Os cidadáns saben que no ano 2009 se perderon 56.000 postos de traballo en Galicia e acumulamos 39.000 parados adicionais, perdendo o diferencial positivo que amosabamos con España en termos de crecemento económico. Os cidadáns saben que no último ano as posibilidades de perder o emprego eleváronse e as de conseguir un novo, de estar sen traballo, minguaron. Din as estatísticas que se multiplicaron os ERE e que se multiplicaron os tra-

balladores afectados polos mesmos por tres no ano 2009 e que pecharon case 3.000 empresas. E o que nos propón o señor Núñez Feijóo para este ano 2010, a través do orzamento que aprobaron vostedes, é que se reduzan os fondos para políticas de emprego.

Os cidadáns saben que no último ano cando acoden ao sistema sanitario público, para ser atendidos, por unha doenza que esixe unha intervención, van ter que agardar máis que antes, entre outras cousas polas decisións equivocadas que a señora conselleira de Sanidade adoptou no seu momento. Sen dúbida, teñen un alivio que no mundo feliz do señor Alberto Núñez Feijóo –como lle escoitamos onte– isto se chama reducir as listas de espera.

Os cidadáns saben que os libros de texto que antes eran gratuítos, agora para dúas terceiras partes deles van ter un custo, un custo en moitos casos ademais íntegro, e que a pesar dese quebranto para as economías familiares tamén vai ser un maior gasto para o Goberno, traizoando esa promesa de austeridade.

Da rexeneración democrática nin un asomo. Unha televisión e radio públicas que deberían ocuparse das cuestións do común pero que teñen eliminados debates con representantes políticos e tornan aos tempos máis escuros, cunha crise de audiencia que reflicte esa crise de credibilidade, que agravará a complicada situación económica da compañía.

Das políticas de reequilibrio territorial nada. Pechadas con sete chaves en Montepío, as ácidas críticas ao plan do Goberno anterior foron substituídas pola inacción máis absoluta, seguindo unha máxima que podería caracterizar a este Goberno: cando non se fai nada sobre unha cuestión, minimízase o risco de que se fale da mesma.

Das políticas de igualdade –como dicía a portavoz do BNG– mellor non falar, un Goberno non paritario; a previsión da supresión do Servizo de Igualdade anula a vontade de aplicación dos avances existentes. Ese é o triste balance nesta materia.

A parálise na licitación da obra pública durante o ano 2009 conducía ademais a que o horizonte de comunicación fluída coas áreas urbanas de moitos cidadáns que aínda hoxe viven lonxe dos núcleos de progreso se anunciara considera-

blemente. E iso que isto era a primeira medida do plan de choque anunciado.

En cambio produciuse un frenesí reformador nun asunto que rompía os consensos establecidos desde o inicio da autonomía, afectando a un dos elementos centrais da nosa identidade: as políticas de defensa e promoción da lingua galega desde a administración pública, sendo como era o consenso lingüístico un dos aspectos con máis alta valoración para os cidadáns. Aquí si que podemos anotar un punto no marcador do presidente da Xunta: suscitar o interese colectivo pola situación da lingua. Sen dúbida, o drama e a tensión contribúen ao éxito, e un actor dotado de tanta expresividade como o conselleiro de Educación ten posto o punto de sobreactuación imprescindible para o mesmo. (*Aplausos.*)

Señores deputados e señoras deputadas, presentamos sobre 290 medidas de actuación, recollidas en 29 propostas de resolución que cobren todos os ámbitos anteriores e algún máis, pero imos privilexiar as que falan da crise económica e os seus efectos. O Goberno de Alberto Núñez Feijóo ten tres conselleiros ou conselleiras con competencias directas nesta materia e o triste récord de non ter ningunha política na mesma; tres conselleiros distintos e ningunha política anticrise verdadeira. A crise é certo é global, a crise é financeira, a crise tamén é inmobiliaria; cae a formación bruta de capital, cae o gasto privado, caen as exportacións; resiste nun primeiro momento só o gasto público como gran colchón diante desta crise. E neste panorama, o Goberno de Alberto Núñez Feijóo simplemente non está. Xa foi moi comentado onte, non debemos insistir demasiado nas peripécias da licitación pública, na licitación en obra pública, cunha redución do 56 %, situándose por primeira vez a administración autonómica por detrás da municipal nesta materia. Algo que é excepcional, algo que é insólito.

É que só grazas ao esforzo directo ou indirecto da Administración xeral do Estado –como onte mesmo recoñecía indirectamente o presidente da Xunta na súa intervención– conseguimos manter ese forte impulso modernizador e de sostemento da demanda nunha conxuntura tan complicada. Pero a desaparición práctica da Xunta de Galicia no combate contra a crise ten efectos concretos, mensurables, sobre o diferencial positivo de crecemento de emprego de Galicia, progresivamente esgotado conforme avanzamos no último ano.

Miren vostedes: no primeiro trimestre do ano 2009, a economía de Galicia crecía 1,3 puntos máis que a española; no último trimestre –e son datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística– o seu crecemento era similar. Nun só ano estragáronse 1,3 puntos diferenciais de crecemento positivo en Galicia. E isto significa tamén maior destrución de emprego e significa incorporar a máis traballadores ao des-emprego.

Permitan que faga unha cita que ao mellor os vai sor-prender: Ronald Reagan na súa primeira campaña, coa arte da síntese que o caracterizaba e seguindo unha observación de había uns cantos anos de Harry Truman, dicía que unha recesión é cando o teu veciño perde o seu emprego, e unha depresión cando ti perdes o teu. Iso non é técnico, segura-mente non é exacto, pero é expresivo da gravidade da situa-ción, da dor e do sufrimento dos nosos cidadáns. Pois esta-mos xustamente nunha situación en que unha gran parte dos nosos cidadáns teñen o temor de que poden ser eles os que perdan o seu emprego, e por iso, entre outras cousas, deixan para máis tarde as súas decisións de gasto, as súas decisións de consumo. E mentres tanto a Xunta de Galicia simple-mente non está.

Xa temos indicado a nosa consideración sobre o cam-biante diagnóstico de Alberto Núñez Feijóo: antes os para-dos eran responsabilidade de Pérez Touriño e agora de Zapa-tero. Máis alá do que isto significa en termos de cinismo, esa actitude encerra unha descarnada mensaxe, e isto é o máis preocupante: o presidente da Xunta nesta situación está dis-posto simplemente a ollar para outro lado. Teñen que sabelo os cidadáns. (*Aplausos.*) Cando hai dificultades o presidente da Xunta está disposto a buscar chibos expiatorios para non botar unha man, para desinteresarse, para pasar a outra cousa.

Nós dicimos, polo contrario, que o Goberno da Xunta de Galicia ten que atender as súas funcións e cumprir coas súas responsabilidades. Nós dicimos que por iso é urxente pórnos de acordo en relación co combate contra a crise económica e os seus efectos, e por iso propoñemos a través das nosas propostas de resolución un programa de acción factible, rea-lista e eficaz.

En primeiro lugar, trátase de facilitar liquidez ás empre-sas, afogadas pola escasa disposición das entidades de cré-

dito a financiar o capital circulante, o que interrompe as ope-racións económicas e afoga inclusive a empresas solventes e con carteiras de pedidos. Por iso propoñemos triplicar tanto as liñas de avais como os créditos subsidiados e avalados, que teñen un efecto multiplicador moi amplo e que a propia Xunta estima en 33. Por iso propoñemos aplicar 36 millóns de euros durante todo o ano 2010 para estes efectos. Euros que poden obterse detraéndoo dos fondos de operacións de expansión da produción, hoxe con menos necesidades.

Con esas aportacións adicionais, a Xunta de Galicia podería mobilizar 1.200 millóns de euros en circulante, o equivalente a máis do 2 % do produto interior bruto. Por iso propoñemos a aplicación efectiva do que se coñece como sistema de toma de razón por parte das entidades financei-ras, con aval público a través do Igape, para permitir o des-conto nas mesmas por parte das empresas dos contratos ou das subvencións xa outorgadas pola administración, e que permitiría de novo inxectar cuantiosos recursos no funciona-mento do sistema económico. Se ademais conseguimos incorporar ao mundo local, aos concellos a esta medida, pois obteremos en torno do 5 % do produto interior bruto mobi-lizado.

Por iso propoñemos un compromiso de redución do tempo de pago da Administración autonómica, que en liña co que propón o Goberno de España debería situarse en trin-ta días, non máis alá de fins deste ano. O que de novo faci-litaría o funcionamento empresarial, reduciría as necesida-des de financiamento bancario e permitiría que as empresas que operan coa administración fixeran fronte ás súas factur-as de provedores con máis prontitude.

Estes procedementos de urxencia, para esta conxuntura tan crítica, deberían complementarse coa reforma do Igape, para transformalo –como propoñemos nós no noso programa e ao igual que fan noutras administracións, tanto con Gober-no conservador como con Goberno socialista– nun auténtico instituto galego de finanzas, similar –xa digo– ao que opera en moitas comunidades autónomas.

En segundo lugar, trátase de manter o nivel de demanda da economía, tanto no que afecta ao gasto privado como ao gasto público. Nós dicimos que se pode facer moito máis. Na licitación de obra pública, con 1.300 millóns de euros mobilizados, que son as cifras do ano 2008, e que ademais o

permite o orzamento aprobado por vostedes. Pero tamén noutros ámbitos, como o dos fondos europeos, onde hai un retraso moi considerable na súa xestión, que pon en risco ademais a chegada de novos fondos pola penalización que supón unha menor prontitude á hora da súa xestión.

Por iso dicimos que hai que facer un esforzo moi específico nas políticas activas de emprego, priorizando estas políticas para atender ás necesidades máis urxentes, que son catro:

En primeiro lugar, os parados maiores de 50 anos. De momento todos sabemos que os contratos fixos están resistindo ben a crise, pero sabemos tamén que hai un 7 % de traballadores parados de máis de 50 anos, e ese 7% ten moitas máis dificultades para volver incorporarse en boas condicións ao mercado laboral. Esa difícil empregabilidade debe ser corrixida aplicando fondos que incentiven a contratación e fomenten a formación destas persoas nas novas capacidades requiridas.

En segundo lugar, parados que rematan o seu subsidio. Sabemos que hai hoxe máis de 49.000 familias que teñen membros activos e que están todos os membros activos en paro. 49.000 familias que en moitos casos perciben un subsidio ou teñen outra fonte de renda, pero subsidios que tamén van ir acabando progresivamente. É necesario instrumentar unha política específica que permita a súa reincorporación ao mercado de traballo ou se non o cobro dunha renda mínima, que tería que ser unha prioridade deste Goberno.

En terceiro lugar, os xóvenes. Os datos do desemprego indican que o incremento de 40.000 parados en termos EPA no último ano, sobre todo, afectou aos contratos temporais, que permiten ás empresas reducir plantilla sen ruído e sen custos. Os novos desempregados son sobre todo xóvenes nunha elevada proporción, con taxas de paro entre os 16 e os 24 anos que superaran o 30 %. Hai que vincular as medidas que instrumentemos nesta dirección á formación e utilizar a nova situación –como nós propoñemos– para fomentar a reincorporación dos xóvenes, a educación profesional e a educación formal, como un xeito de incidir positivamente no presente e preparar o futuro.

E por fin, moi brevemente, os autónomos. Cunha caída de cotizantes en máis de 13.000 no último ano, debemos pór en marcha medidas específicas que faciliten a súa resis-

tenza, evitando a caída na economía irregular, actuando sobre as cotizacións sociais e facilitando a súa formación tamén para o futuro.

En terceiro lugar, trátase de atender ás especiais dificultades dalgunhas ramas da produción, para evitar o colapso nos circuitos de relacións industriais e facilitar a adaptación das novas circunstancias, singularmente nos sectores relacionados coa rehabilitación e a mellora das vivendas, incrementando a eficiencia enerxética das mesmas. A lousa, a cerámica, a fabricación de portas e fiestras, de caldeiras, os fontaneiros e electricistas entre outros, pero tamén establecer algún estímulo de carácter temporal para o sector do moble e da madeira, un dos máis afectados pola crise inmobiliaria e con forte presenza produtiva no noso país.

Moitas destas medidas incidirán ademais positivamente no sector do comercio, un dos que máis ten padecido as turbulencias económicas, para o que propomos especificamente un programa de apoio e modernización.

Queremos tamén darlle unha saída ao stock de vivendas, facendo que coincidan as demandas insatisfeitas e unha oferta que nas actuais condicións de mercado non atopa comprador polas dificultades de acceso ao crédito e a incerteza sobre a estabilidade dos ingresos.

Promover o aluguer, transformar promoción en saída en vivendas accesibles ás menores rendas e outras medidas complementarias no seo dun Plan de vivenda que se adiciona ao da Administración xeral do Estado clarifica o mercado e facilita a recuperación, mellora o benestar e alivia a situación dalgunhas empresas, así como das entidades financeiras que lles prestaron os recursos.

E, sen dúbida, faise preciso o aproveitamento do ano Xacobeo para actuar como palanca de saída da crise. Co clientelismo e a estratexia partidaria na programación cultural, cos erros e retrasos na promoción turística externa e a inacción para a mellora das infraestruturas necesarias, moito nos tememos que estean estragando unha oportunidade magnífica. Coa Cidade da Cultura, que ía ser unha das pezas na atracción turística deste ano –segundo promesas do discurso de investidura–, temos que dicir que seguen sen estar rematados os dous edificios, que ían estar, e sen claridade nin no calendario de apertura nin no contido.

En cuarto lugar, trátase igualmente de utilizar as oportunidades da nova situación para facilitar o tránsito a un modelo produtivo de superior nivel de eficiencia. Temos que actuar fundamentalmente en materia de formación, de innovación e de internacionalización.

En quinto lugar, temos que facer unha referencia específica ás políticas de austeridade. Cando unha destacada dirixente do seu partido noutra Comunidade Autónoma propón reducir un 50% as estruturas dun Goberno xa tan reducido como este, todos sabemos que está facendo unha oferta puramente demagóxica. Nós imos tentar de evitar esa demagoxia.

Alberto Núñez Feijóo como presidente fixo unha redución no número de consellerías, e parécenos razoable, pero ese esforzo de austeridade quedou aí, e hai que introducilo como unha cultura permanente na acción do Goberno. Iso é fundamental, por iso lle facemos varias propostas:

Un plan de racionalización da administración que elimine os entes duplicados ou triplicados e concentre esforzos. Citamos no seu día as Xestures, pero tamén no ámbito da área de economía e industria é posible efectuar un aforro significativo. E tamén na área de medio ambiente.

Elimine vostede os delegados territoriais e o seu aparello. Non teñen utilidade na xestión, porque non forman parte da cadea de decisión das consellerías, porque non prolongan no territorio a acción da administración, porque non están incardinados na lóxica burocrática, senón só na lóxica política presidencial, e aínda aí vemos que os seus efectos tenden a ser limitados polo menos na provincia interior.

Aplice máis austeridade na xestión do parque móbil. Todos sabemos que en moitas direccións xerais o automóbil e o chofer son bens posicionais, non son imprescindibles, pero indican estatus. Noutras comunidades autónomas as necesidades son cubertas caso a caso en función das demandas puntuais desde o propio parque móbil.

E introduzan moi rapidamente medidas de eficiencia enerxética e de administración electrónica para aforrar gasto corrente de xeito decidido e medible.

Non lle pedimos imposibles, son medidas concretas, realistas, factibles, que funcionan noutros lugares. Sabe vostede

de que nesta segunda fase da crise o gasto público vai estar sometido a enormes tensións. A austeridade vai ser obrigada, prepárense para eliminar ineficiencias, tomen como referencia estas medidas ou outras, pero fágano.

Para moitas persoas e familias, para os máis débiles, a crise convértese nunha ameaza para as mesmas condicións de vida. As políticas públicas son unha táboa á que asirse para erguer a cabeza e ollar cara a adiante con algún optimismo, non as debiliten. Rectifiquen a orientación dos últimos once meses, reimplanten a gratuidade dos libros de texto, impulsen os comedores escolares e a ensinanza de idiomas estranxeiros, deixen de facer esforzos para aumentar as listas de espera, retomen o Plan de mellora integral de atención primaria e sanitaria, manteñan o carácter público das infraestruturas que din que van construír e o Plan de infraestruturas de servizos sociais previsto, atendan en tempo ás mulleres que son vítimas da violencia de xénero e reduzan os prazos de atención aos dependentes.

Non perdan tanto tempo en publicitar novos e vagos plans que non teñen medidas detrás, que non teñen orzamento, que non teñen calendario, e actúen. Resulta increíble escoitar o presidente da Xunta prometer 4.500 prazas en escolas infantís nos vindeiros tres anos cando someteu á parálise máis absoluta as que estaban xa prontas a abrir neste último ano. Resulta increíble verlle prometer un sen número de novos empregos en materia de atención á dependencia que el sabe perfectamente que non vai ser posible crear.

É hora de diálogo, de procura de consensos, de acordos. Sei que despois dun parón de nove meses comenzaron o diálogo social, apúreno para lanzar unha mensaxe nítida á sociedade, pero reforcen ese diálogo cun grande acordo coas forzas políticas que estamos representadas neste Parlamento, conseguindo un pacto polo emprego e a competitividade ou a reactivación económica, para o que lle tendemos a man, sempre que creen o instrumento parlamentario que lle dea soporte ao mesmo.

Debo ir rematando pero non quero facelo sen introducir dúas cuestións que xa foron comentadas onte: o Estatuto e a lingua.

Sobre o Estatuto é posible engadir pouco ao recente debate neste Parlamento, simplemente para que conste no

Diario de Sesións. Se o Partido Popular quere realmente a reforma estatutaria xa sabe o que ten que facer: votar a favor da nosa proposta de resolución, e se non quere a reforma estatutaria que non o faga, pero que non nós veña contar despois historias de galeguismo *ajornado* que non ten ningún seguimento a continuación coas decisións que se toman. Teñen a oportunidade de novo de rectificar apoiando a nosa proposta.

Sobre a lingua permítanme un minuto máis. En primeiro lugar, ninguén destaca que durante todo este curso estivo en vigor o decreto aprobado polo anterior Goberno, como ben sabe o conselleiro de Educación. ¿Fixeron vostedes unha avaliación das dificultades que ten causado?, ¿dos problemas creados? ¿Ou tratábase dun mito que o simple cambio de Goberno esvaeu? Porque de ser así, ¿non é preferible deixar as cousas como están? Neste curso rexe ese deostado decreto aprobado polo anterior Goberno e, sen embargo, o Valedor do Pobo dinos que as queixas baixaron. O único que cambiou foi que agora está gobernando o Partido Popular e non lle interesa axitar ese espectro, (*Aplausos.*) non lle interesa axitar ese espectro. Pero paren, paren e reflexionen, utilicen o Parlamento como ámbito de encontro, como propón o Consello da Cultura, o máximo órgano asesor que ten o Goberno nesta materia, o máximo órgano asesor, e a Real Academia Galega. Nós axudáremoslle a seguir o fío que permita saír do labirinto que vostedes crearon, pero teñen que vir a este Parlamento e teñen que pactar co resto das forzas políticas esa saída. (*Aplausos.*)

Permítame, señora presidenta, moi brevemente, unha última reflexión. Decía onte o presidente da Xunta que ten rectificado algúns erros, eu creo que debe practicar máis ese acto de constrición, pois cando rectifica, véxase o Plan do litoral, ou cando asume as políticas do Goberno anterior, por exemplo, no transporte metropolitano, ou do Goberno central, en infraestruturas, en modernización das escolas, está acertando.

Nós témoslle ofrecido varios acordos, aceptaron o do territorio, imos intentar levalo a bo porte; non aceptaron o do galego, non aceptaron o do Estatuto e equivócanse. Un galeguista como vostede, señor presidente, non pode desestimar a nosa man tendida en termos de lingua propia ou de reforma estatutaria. Nós pola nosa banda propuxemos buscar un acordo en materia de reactivación económica e emprego e

estamos abertos ademais en materia de revitalización demográfica, sempre que esteamos a falar de instrumentos parlamentarios que permitan concretar e precisar eses acordos. E é o que os cidadáns –creo– piden de nós nesta difícil situación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra don Pedro Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Suponse que nun debate sobre o estado da situación política xeral da Comunidade Autónoma se trata fundamentalmente de facer unha diagnose, de cal é a situación real do país e presentar propostas de actuación con carácter anual, dado que tal é o ámbito temporal no que ten lugar este debate.

Evidentemente, onte tivemos aquí unha excelente descrición da situación, moi alonxada doutras análises, que eran completamente irreais. E acaba de caracterizarse o presidente da Xunta, por certo como se estivese exclusivamente de oínte e dá a impresión de que algúns non estiveron nin sequera escoitando ou oíndo o que dicía o presidente, dado que efectivamente o que quedou onte claro é que hai un cambio importante no Goberno.

Hai un Goberno realista que non fai previsións de crecemento do 1,3 para o ano 2009 que despois quedan en -3 % de caída. Hai un Goberno que ten rigor, é dicir, que non fai uns orzamentos onde faltan 460 millóns nos ingresos, e hai 600 millóns de gasto sen respaldo. Evidentemente é un Goberno que ten a sinceridade de analizar a situación do emprego, non dicindo –como dicían os orzamentos para o 2009– que no ano 2009 non ía caer o emprego en Galicia, cando caeu en catro puntos. E, evidentemente, hai un Goberno que mellorou moito na xestión.

Na austeridade, tan cacarexada, á parte de lembrar o dato xa onte dado nesta casa de que se baixaron os gastos de fun-

cionamento máis dun 28 % con relación ao que deixara o bipartito, como se segue mencionando o capítulo II gustaría-me lembrar que no ano 2006 o primeiro orzamento do bipartito os gastos de persoal creceron un 7,6 %, no ano 2007 un 8,3 %, no ano 2008 un 8,5 % e no ano 2009 un 7,2 %, e todo iso acumulado sobre o ano anterior. Se non é austeridade para facer fronte aos compromisos que vostedes deixan un crecemento do 2 %, comparado coas cifras de vostedes en gastos de persoal, que van constituír por outra banda unha rémora para os orzamentos futuros, na medida en que vai ser complicado facer fronte a esa obriga de respaldo orzamentario, pois vostedes me dirán de que estamos a falar.

Evidentemente, tamén se mellorou na xestión, non só na austeridade, senón tamén na licitación. Multiplicamos por dez o que vostedes licitaron o primeiro ano e puxéronse en marcha unha cantidade de actividades que para once meses resultan chamativas en positivo: o plan de austeridade, o plan de choque; desbloqueouse a acuicultura; debloqueouse o conflito co Plan eólico; apoiouse ao sector da automoción; déuselles liquidez ás empresas; chegouse ao acordo co Ministerio de Fomento para o AVE; houbo acordos cos concellos galegos, precisamente que serven de base para a política de solo en Galicia —á que agora o Partido Socialista parece que ten a intención de xuntarse, cousa que celebramos moi vivamente—; revitalizouse o Plan de vivenda; púxose o Plan Move, compromiso de 4.600 millóns de euros de gasto nos próximos anos; plans Impulsa, etc., etc., etc. Nada máis alonxado da parálise.

É certo que a situación de Galicia non é a mellor posible, é ben certo, porque o Goberno de Galicia actúa no seu propio contexto. Decía o ilustre deputado que me precedeu no uso da palabra, quen atribuíu ao presidente Ronald Reagan unha frase ben coñecida que dicía que unha recesión é cando o teu veciño perde o emprego, que unha depresión é cando ti perdes o emprego, pero esqueceu dicir o final da frase do presidente Reagan, que dixo: unha recuperación é cando Jimmy Carter perde o seu emprego. Galicia obviamente recuperarase cando o noso Jimmy Carter —Zapatero— perda o seu emprego. *(Aplausos.)*

Certamente as cousas empezaron a mudar en Galicia hai once meses. E estes días tamén están repetindo constantemente que se dixo que en corenta e cinco días iamos acabar co paro, cando o que dixemos expresamente é que en coren-

ta e cinco días as cousas ían empezar a mudar en Galicia. Esta contención do gasto, estas novas políticas, evidentemente demostran que houbo ese cambio, e se non foi un pouco máis rápido foi porque ao mellor o traspaso de poderes non foi todo o eficiente que debeu de ser. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Si, señores, si.

E dito todo isto, cando en España temos o dobre de paro da Unión Europea, da media da Unión Europea —estamos no 20 %— *(Interrupcións.)* —si, señora, é así—, e o diferencial fundamental das economías europeas o que ten a española é o dobre de paro. E se non queren nin ver esa realidade pois dificilmente poderemos loitar contra esa lacra que é o paro. Pero dentro dese contexto —no que nos goberna o noso particular Jimmy Carter— dáse a circunstancia de que os datos en Galicia son bastante máis esperanzadores. E por facer unha referencia tamén: o índice de produción industrial no mes de xaneiro creceu un 2,7 con respecto ao mesmo mes do ano anterior, mentres que en España a baixada foi do 4,6; o índice de vendas do comercio polo miúdo creceu en xaneiro un 1,4 en Galicia con respecto ao ano anterior, e en España baixou un 3,1; o paro rexistrado en Galicia aumenta oito puntos menos que en España; a taxa de paro é en España seis puntos maior que en Galicia; a taxa de paro desde que chegou o PP á Xunta medra a metade en Galicia que en España; Galicia é a comunidade na que menos baixa o número de ocupados; Galicia é a cuarta comunidade na que menos baixan os afiliados á Seguridade Social, e mesmo un dato moi significativo e positivo: por primeira vez, no mes pasado, en Galicia houbo un lixeiro incremento da afiliación á Seguridade Social. Evidentemente non estamos satisfeitos e temos que traballar nun contexto, pero certamente as cousas mudaron, e non se pode facer unha análise da situación sen recoñecer que as cousas mudaron para ben en Galicia.

Dito isto, nós, como coherentemente corresponde ao grupo que apoia ao Goberno e traballando como un equipo sen necesidade de ter que transaccionar con ninguén para a súa presentación orixinal as nosas propostas de resolución, imos presentar hoxe unha batería de propostas que basicamente traducen a escrito os compromisos onte asumidos polo presidente e que reflicten a existencia dunha política económica en Galicia baseada nos seguintes principios:

Primeiro, na necesidade de racionalizar o gasto público e a administración.

Segundo, loitar contra a crise a curto e a longo prazo facendo investimentos en capital físico, en capital tecnolóxico e mais en capital humano.

Pensar en Galicia en termos estratéxicos, para que unha Galicia global, aberta á súa vez á globalización, apoie aos sectores que lle garantirán competir no mundo do futuro, o mundo das economías abertas.

Por suposto, en cuarto lugar, temos unha serie de propostas que reforzan o Estado de benestar en Galicia.

E, finalmente, quixera facer unha referencia a algunhas iniciativas en termos de autogoberno e de símbolos.

Nós cremos que a solución para a crise pasa evidentemente pola racionalización do gasto público e da administración. Por iso, nos próximos meses este grupo insta o Goberno a que presente o Proxecto de reforma de lei do Goberno, así como o Proxecto de lei de entes instrumentais. Evidentemente, no momento en que teñamos o Proxecto de lei de entes instrumentais, xunto co plan de avaliación da eficiencia de cada un destes entes instrumentais, poderá procederse a esa necesaria simplificación dos organismos autónomos e demais entes dependentes da Administración autonómica e non antes. Isto é o racional, isto é o que este Goberno impulsa e o que este Goberno vai facer.

En segundo lugar, pedímoslle ao Goberno que manteña as políticas de axuste orzamentario. E pedímoslle concretamente que para os orzamentos do 2011 por primeira vez na Comunidade Autónoma se establezan obxectivos para rachar coa tendencia incrementalista ou contencionista habitual e se establezan indicadores para ver o cumprimento deses obxectivos.

En terceiro lugar, pedimos –e este Goberno estamos seguros de que o cumprirá nos próximos meses– a presentación dun Proxecto de lei da función pública en Galicia que permita a súa modernización mediante unha adaptación ao Estatuto básico do empregado público. Por suposto, pedimos tamén que nos próximos meses, ademais de impulsar a administración electrónica, a Xunta poña en marcha por vez primeira unhas directrices estratéxicas comúns nas tecnoloxías da información e da comunicación, cunha única estratexia que permita e facilite, á súa vez, a integración da admi-

nistración electrónica e a atención ao cidadán. E, finalmente, no ámbito da racionalización administrativa e do gasto público, impulsaremos a tan necesaria e esquecida creación da nova oficina xudicial e o plan de sistemas na xustiza, coa necesidade de que estes sistemas estean integrados no sistema xurídico xudicial español.

En canto á política económica *stricto sensu*, con relación á reactivación económica, cremos que a reactivación pasa, entre outras cousas, porque nos vindeiros meses se produzan unha serie de reformas importantes:

En primeiro lugar, a Lei de competencia de Galicia. Os órganos de competencia de Galicia sabemos que os últimos catro ou cinco anos non teñen feito un labor tan importante nun momento de crise como é garantir que os que compiten no mercado o fagan en condicións de igualdade no mercado galego.

En segundo lugar, con relación ao Instituto Galego de Promoción Económica, que ten que ser o verdadeiro axente transformador da nosa economía, impulsando o deseño e a creatividade e as liñas de internacionalización, nos próximos meses, ademais de continuar –xa o fixemos– incrementando as axudas ás empresas –lembren que no ano 2008 a mobilización de recursos foi de 800 millóns de euros en investimentos grazas ás axudas do Igape e no ano 2009, o ano da parálise, chegou a 1.500–. Ben, pois ademais queremos fomentar especialmente dentro do Igape esta transformación propia da institución e, sobre todo, que enfatice a liña da internacionalización das pequenas e medianas empresas galegas.

Evidentemente os empresarios traballan nun contexto no que hai impostos. Onte o presidente anunciou –e nós concretamos e apoiamos a súa proposta– a reforma do imposto de actos xurídicos documentados e o imposto de transmisións patrimoniais. É evidente que en España empeza a haber un problema de coordinación fiscal. Hai algúns aquí que reprochan a este Goberno non ter baixado o tipo marxinal do imposto da renda para as rendas máis baixas, cousa que evidentemente sería algo moi desexable, pero resulta que iso opera –como dicía– nun contexto, nun contexto no que está –como o señor Jimmy Carter– alguén a quen lle gusta subir os impostos máis regresivos, como é o imposto sobre o valor engadido, co cal teríamos que unha rebaixa do

imposto da renda, que xera unha renda dispoñible máis alta e que permite maior consumo, acabaría crescendo as arcas de Zapatero vía recadación do IVE, alomenos nunha contía importante. Evidentemente, mentres non exista unha lealdade e unha coordinación no que é o tratamento dos impostos, especialmente os que afectan ás rendas máis baixas, é moi difícil que nós poidamos facer esas políticas que son desexables. Porque –insisto, señora Caride, eu comprendo que lle faga graza, pero a cuestión é tan sinxela como esa– é precisa unha coordinación fiscal se se quere que as políticas fiscais, como a baixada do imposto das rendas das persoas físicas, teñan o efecto que todos desexamos. De todos os xeitos, vostede vai ter ocasión de pronunciarse axiña porque presentamos precisamente unha proposta de resolución na que se insta o Goberno do Estado a conxelar a anunciada subida do IVE, que non só é un problema en termos macroeconómicos pola restrición do consumo, senón que en termos de xestión política é un desastre avisar que se vai subir un imposto indirecto, co que vai provocar un efecto anuncio nos meses antes e, a partir da subida do imposto, vai desaccelerar a economía aínda máis fondamente.

En relación ás infraestruturas e ao territorio, nós instamos porque apoiemos a elaboración do novo Plan de residuos sólidos urbanos de Galicia, evidentemente unha reforma consensuada da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Pedímoslle ao Goberno que priorice o saneamento das rías como obra hidráulica fundamental. Pedímoslle ao Goberno que nos vindeiros meses poña en marcha os plans de transporte metropolitano de Galicia con billete único. Pedímoslle que remita á Cámara o proxecto de lei de creación da Axencia Galega de Estradas. Pedímoslle –de noticia de actualidade, por desgraza– o desdoblamento do corredor do Morrazo. Pedímoslle que se dirixa a Fomento para que cree a xefatura de proximidades en Renfe para despois, unha vez posta en marcha, que transfira a xestión a un ente ferroviario galego. Pedímoslle loxicamente a Fomento tamén que faga a conexión por autovía das sete cidades: Pontevedra-Vigo, Ourense-Lugo, Lugo-Santiago, Ourense-Ponferrada, e que revise o PEI para a conexión entre Barreiros e San Cibrao. Así como pedímoslle tamén, no ámbito do territorio, das infraestruturas, aspectos como a convocatoria do proceso de trámite dos parques eólicos por unha potencia de 2.325 megavatios, que traia a esta Cámara a Lei de augas neste período de sesións e que presente o Plan director de ordenación dos recursos naturais e da Rede Natura 2000 Galicia.

En segundo lugar desta triada de capital físico, capital tecnolóxico e capital humano, o capital tecnolóxico:

Pedímoslle que se cree por fin a Axencia Galega da Innovación. Isto é fundamental, os investimentos dunha Comunidade que ten baixa innovación e que mesmo ten poucos recursos para a innovación non poden estar dispersos en distintos organismos nin repartidos en distintas entidades públicas.

Temos que aproveitar, en segundo lugar, a Retegal para optimizar as novas redes de comunicación e que os operadores públicos e privados poidan usar a rede xa existente.

E, en terceiro lugar, temos que integrar toda a política audiovisual nunha soa entidade pública.

Pero, evidentemente, non só o capital físico e o capital tecnolóxico, senón tamén o capital humano vai ter atención por este Goberno:

Pedímoslle, polo tanto, á Xunta que firme o sistema de financiamento coas universidades. Un sistema de financiamento que ten que estar baseado na equidade, pero tamén ten que estar baseado nos resultados. As propias universidades teñen que entender que se Galicia financia e fai un esforzo especial para financiar a súa actividade, ten que facerse, en primeiro lugar, con visión de sistema universitario galego, é dicir, con sistema de país, e a cambio de obtencións da mellora dos resultados docentes e investigadores.

En segundo lugar, insistímoslle á Xunta e pedímoslle que cree o Plan de formación do profesorado actualizando o vixente, de forma que se prioricen os idiomas, a teleformación, o manexo das novas tecnoloxías e tamén o tratamento das situacións que poden poñer en risco a convivencia nos centros. A tal respecto, por certo, este grupo solicita –e o Goberno traerao tamén nos próximos meses– un proxecto de reforzo da autoridade institucional do docente, que cremos que é fundamental para mellorar a calidade da docencia nos centros educativos de Galicia. *(Aplausos.)*

Tamén presentamos resolucións, ata o total de 85, para impulsar a formación profesional, a educación de linguas –tanto nas seccións bilingües dos centros educativos como na rede de escolas de idiomas–, e ademais propoñemos, no ámbi-

to da educación, unha mellora global dun sistema caracteriza-
do pola baixada do rendemento escolar nos últimos catro anos.

No plano estratéxico, é dicir, pensando a longo prazo, nós pensamos resolver o problema deixado polo bipartito, que fixo algo ben pero non o fixo todo ben. Fixo un plan de competitividade bastante interesante pero que lle faltaba o fundamental, que eran as votacións e os escenarios orza-
mentarios, polo tanto, o financiamento público das activida-
des nel contidas. Iso vaise resolver co Plan estratéxico 2010-
2014 xa incorporado de acordo coa solicitude do Grupo
Popular aos orzamentos do 2011, para o que pedimos que
nos próximos catro meses o presente nesta Cámara.

Tamén apoiamos sectores estratéxicos do noso país,
como o comercio a través do Plan Agra. Pedimos o reforzo
do clúster do naval e a supresión da prohibición da constru-
ción naval civil en Fene, así como pedimos un impulso do
turismo a través da mellora do Plan estatístico e da rede de
albergues vencellados ao Camiño de Santiago.

E, por suposto, pedimos accións explícitas en emprego.
A través do diálogo social é necesario reformar o Servizo
Galego de Emprego para que sexa máis factible a busca de
emprego e atopar un posto de traballo. Pero tamén é neces-
ario incidir nos sectores que máis sofren o drama do paro: un
Plan xuvenil de emprego reforzado, mellorar o Plan femini-
no, o Plan de emprego autónomo emprendedor e o Plan de
persoas con risco de exclusión social ou discapacitadas son
fundamentais. Sen esquecer que tamén impulsamos o
Goberno para que no ano 2010 traia a esta Cámara o Plan
estratéxico de prevención de riscos laborais.

Xunto con iso, dentro dos sectores estratéxicos, pedimos
un rexistro gandeiro de leite de calidade, unha nova Lei de
mobilidade da terra, unha nova Lei de montes, a transforma-
ción da cadea mar-industria da produción alimentaria, a
ordenación dos espazos mariños e o cambio do sistema de
análise das biotoxinas, xunto coa planificación dos nosos
portos cunha visión estratéxica de país, a regularización de
embarcacións –pedímoslle á Xunta que se dirixa ao Estado
para que sexa factible–, así como unha mellora e optimiza-
ción dos plans deportivos.

Todo iso obviamente sen esquecer o benestar. Este grupo
tamén insta a Xunta, por unha banda, a que mellore as

infraestruturas hospitalarias. E pedímoslle que, unha vez
completado o proceso de procura dos terreos e a tramitación
para a licitación, se proceda á adxudicación, sinatura de con-
trato e inicio de obra antes que finalice o 2010 do novo hos-
pital de Vigo; que licite e adxudique tamén no 2010 o pro-
xecto básico arquitectónico do novo hospital de Pontevedra,
así como que dentro dos plans directores do Hospital
Comarcal do Salnés se inicien as ampliacións do bloque
cirúrxico, se realicen tamén no 2010 as obras previstas no
bloque obstétrico e de hospitalización no Hospital da Costa
e se continúen executando o resto dos plans directores na
Coruña, Ferrol, así como a posta en marcha do de Ourense.
(Aplausos.)

E dentro da sanidade a parte asistencial. O Parlamento
instará por iniciativa deste grupo a que se adopten as medi-
das organizativas que permitan garantir que antes de finais
deste ano os pacientes máis graves, prioridade 1, teñan un
tempo de espera cirúrxica inferior aos trinta días e os de
prioridade 2 inferior aos sesenta días. Tamén propoñerá este
grupo a introdución da vacina do pneumococo no calendario
sistémico infantil e a introdución da recomendación da vaci-
nación da gripe estacional para os maiores de 60 anos.

Este Goberno ten feito moito para mellorar as presta-
cións da dependencia. Incrementáronse en 6,6 millóns de
euros as partidas do Plan concertado destinado ás axudas no
fogar para as persoas dependentes, e ademais houbo que
reformar os orzamentos para incluír 239 millóns de euros.
Evidentemente neste ámbito hai que facer dúas cousas: en
primeiro lugar, continuar coa mellora da xestión, pero, en
segundo lugar, reclamar ao Estado que pague o que debe,
que é dicir a metade da Lei da dependencia, do custo da apli-
cación da Lei da dependencia.

Tamén é fundamental dentro do que é o benestar conci-
bir a familia como unha unidade que, por outra banda –ben
sabido é–, é unha unidade de consumo e moito máis: é a uni-
dade na que se realiza a persoa humana. Ben, o Proxecto de
lei de apoio integral á familia vai chegar a esta Cámara
tamén nos próximos meses, así como un plan integral da
familia de carácter multisectorial.

Poñeremos en marcha tamén o Plan estatístico de xuven-
tude, o Plan de persoas maiores, o de persoas con discapaci-
dade, o de voluntariado, o Plan integral para a emigración, e

solicitamos ao Estado que, precisamente para a mellor atención sanitaria da emigración, se corresponsabilice do 50 % do custo destes hospitais como fai a Xunta co correspondente 50 %.

Dentro de benestar, evidentemente, e vencellado á familia e máis concretamente á muller, é necesario poñer en marcha a Comisión Interdepartamental da Igualdade, a creación do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, e poñer en marcha tamén o Centro Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero. Todo isto será feito os próximos meses a instancias do Grupo Popular por un Goberno que ten, efectivamente, moitas accións postas en marcha para mellorar o benestar dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

Tamén quero salientar para concluír a parte do benestar que o noso grupo insta a Cámara a acordar que inmediatamente se poña en marcha, a través dos procedementos regulamentarios, a reforma do Regulamento desta Cámara para garantir o voto das embarazadas nos plenos e nas comisións deste Parlamento.

Finalmente, quedan as propostas que facemos no ámbito do autogoberno, da transparencia e da rexeneración. O autogoberno pedimos que siga ampliándose de acordo co previsto na Constitución e no Estatuto vixente.

Hai a curto prazo que demandar unha serie de transferencias, xa acordadas e supostamente en marcha na reunión da Comisión Mixta de Transferencias do 23 de decembro do ano 2008, pero tamén as que esta Cámara ten demandado por unanimidade.

Imos demandar ao Goberno que defina os criterios de reparto do Fondo de Cooperación Local. Isto podía estar feito, pero non está feito. E isto é precisamente cando se fala de financiamento local e de caciquismo do que se trata: de establecer criterios obxectivos para o reparto do Fondo de Cooperación Local.

Tamén pedimos a urxente modificación da Lei orgánica de réxime electoral, para que o voto emigrante sexa exercido con garantías. Algo que tamén leva moitos anos sen facer.

E, por suposto, dentro do que son as relacións co Estado, pedímoslle que faga o favor de reconsiderar a súa postura e

que promova un sorteo durante o Ano Santo 2010 específico da Lotería Nacional cuxos beneficios sexan destinados a accións relacionadas coa promoción do Xacobeo. *(Aplausos.)* E é de salientar que dos 328 actos programados co gallo da presidencia da Unión Europea nestes seis meses, só catro eventos teñen lugar en Galicia, e hai capitais de provincia que teñen máis eventos que Galicia enteira e ningún deles foi programado en Santiago de Compostela.

E deixo para o final –se algo positivo podemos sacar deste debate é a vontade de acordo das forzas políticas con respecto ás solucións dos problemas que o noso país ten–, deixo para o final tres propostas de resolución:

Unha, a primeira, para invitar aos grupos da oposición a unirse ao pacto en favor dunha recuperación demográfica de Galicia.

Unha segunda cuxo texto leo textualmente e que despois do escoitado onte polo secretario xeral do Partido Socialista nesta tribuna pode ser un primeiro paso para recobrar os consensos que el quere recobrar: “O Parlamento de Galicia instará a Xunta de Galicia a que continúe a defender de acordo coas resolucións aprobadas por esta Cámara a solvencia e a galeguidade das caixas de aforro de Galicia, o que na actual conxuntura conleva ao impulso dun proceso de fusión das actuais caixas de aforro.” *(Aplausos.)* Cando coñezamos a posición do Grupo Socialista sobre esta proposta de resolución, a número 15 do Partido Popular, saberemos se realmente o Grupo Socialista quere o consenso e quere que haxa unha caixa galega e solvente.

E o galego. Nós presentamos dúas resolucións con relación ao galego, dúas propostas de resolución:

Na primeira pedimos que se prioricen como sectores estratéxicos para a promoción da lingua galega e de uso normal da lingua galega os ámbitos seguintes: as franxas de idade máis novas, o ámbito empresarial, as novas tecnoloxías, o ámbito da xustiza.

E, en segundo lugar, presentamos unha proposta de resolución que di literalmente: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aprobar a normativa precisa para que a partir do vindeiro curso 2010-2011 se garanta o equilibrio lingüístico entre as dúas linguas oficiais da Comuni-

dade Autónoma no ensino non universitario, e o galego e o castelán sexan linguas de uso equilibrado no sistema educativo.”

Eu teño moita esperanza en que o Partido Socialista vote esta proposta de resolución, porque teño lido nun medio o pasado día 7 de febreiro ao señor Vázquez dicir: “*Feijóo no entiende que es el presidente de Galicia y no debe atacar la lengua. Si el BNG lo quiere todo en gallego y el PP en castellano, nosotros queremos el 50 % en la enseñanza y en la vida libertad absoluta.*” Como estamos de acordo presentamos esta resolución e pedimos que vostedes se retracten. *(Aplausos.)*

Conclúo. Preguntaba o portavoz do Partido Socialista que a pregunta que se ten que facer todo o mundo é se Galicia hoxe está mellor ou peor que o ano pasado. Cadaquén poderá responder a esta pregunta. O que si estou seguro —e esa é a miña resposta— é que está moito mellor gobernada e precisamente por iso está moito máis esperanzada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Puy.

Suspéndese a sesión por corenta e cinco minutos de tempo aproximado para que os grupos parlamentarios poidan chegar a acordos.

As súas señorías serán avisadas polos timbres do reinicio da sesión.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

A señora PRESIDENTA: Reiniciamos a sesión desta longa posta en común das distintas proposicións non de lei co posicionamento dos grupos parlamentarios respecto das propostas dos demais.

En primeiro lugar e polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra dona Ana Belén Pontón Mondeiro, por un tempo de dez minutos.

A señora PONTÓN MONDEIRO: Moitas grazas, señora presidenta.

Ben, a verdade paréceme un pouco estraño que a persoa que participou no debate non estea neste turno por parte do Partido Popular, ¿non?, á hora de reiniciar a sesión. A verdade é que deixa o debate parlamentario nun lugar un pouco estraño, e mesmo a miña función aquí á hora de poder darlles resposta a algunhas das cuestións, que ao noso grupo nos gustaría, en todo caso, que o propio portavoz estivera aquí, porque —claro— se con quen se debate non escoita os argumentos que se poñen sobre a mesa, creo que o debate se devalúa por si mesmo. É cando menos a nosa opinión. Xa vemos que ao Partido Popular este tipo de cousas non lle preocupan, en todo caso fan que poidamos ter pouca fe nalgunha proposta transaccionada, como é a de revitalizar o Parlamento de Galiza e instar o Executivo a que corrixa pois esa falta de axilidade á hora de dar resposta ás preguntas dos grupos ou á hora de atender os requirimentos que o Regulamento... e os dereitos que temos estipulados no noso Regulamento. Pero bueno, en fin.

A min gustaríame empezar salientando —agora que está aquí o señor Puy—...

A señora PRESIDENTA: Por favor. Señora Pontón, céntrese no que está, no seu turno de debate, por favor, e continúe.

Moitas grazas.

A señora PONTÓN MONDEIRO: Moitas grazas, señora presidenta.

En todo caso, quixeramos empezar por dicir unha cousa que nos parece moi elocuente e a mellor conclusión deste debate sobre o estado da nación, e é o feito insólito de que a crítica máis dura que recibiu o presidente da Xunta e o seu Goberno veña precisamente por parte do portavoz do Partido Popular. Temos que dicir que o señor Puy Fraga nos dixo con claridade que o señor Núñez Feijóo non serve para nada, que é un cero á esquerda, *(Risos.)* porque evidentemente, para solucionar os problemas do paro deste país, para enfrontar a crise económica de Galiza, todo está en función de cal é a dinámica estatal; non inflúe, non importa cal é o papel que ten o responsable do Executivo, é unha persoa á que lle estamos pagando un salario pero que evidentemente

pasa por aquí e é un mero espectador da nosa realidade. Triste conclusión para quen sobe a esta tribuna, en teoría, a defender o labor e a xestión que están facendo o Goberno e o presidente que vostedes apoian.

E tamén toda unha declaración de principios sobre o papel que vostedes lle dan ao autogoberno deste país e en que se cren ou non na capacidade para que os galegos nos gobernemos por nós mesmos e teñamos e poñamos en marcha medidas que incidan na nosa dinámica económica. Desde logo, esa deserción que manifestan vostedes aquí é todo un indicativo de devaluación do Goberno, do Parlamento e dese principio que din que os inspira, que é o galeguismo.

A nós tampouco nos estraña, desde logo, porque vemos que iso vai en consonancia coa actitude que tivo este Goberno, que –como dixemos– durante este ano estivo ausente dos grandes problemas, dos grandes debates que tivo este país e, sobre todo, non formou parte da solución aquilo que máis lle debería de preocupar a quen está gobernando, que é solucionar o problema da crise, o problema do paro, que está acuciando ademais a moitas familias no noso país.

Deberían tamén, en todo caso, revisar ese contrato, en base a esas declaracións que asinou o presidente cando estaba en campaña electoral, porque –como xa lles recordamos– o primeiro compromiso que asumía o daquela candidato a presidente da Xunta era loitar contra o paro e crear emprego en Galiza. Xa vimos do balance deste ano que non só non se verificou esa situación, senón que hoxe temos máis persoas paradas no noso país, máis xente que ten unha situación de desemprego e unha maior desprotección social.

Tamén nos sorprendeu a definición que fixo o portavoz do Partido Popular de que este era un Goberno que xestionaba mellor. Teñen un concepto, aquí si que reinventan o que significa xestionar mellor, porque terán que dicirnos que entenden vostedes por boa xestión.

¿É boa xestión para vostedes ter centros de día e escolas infantís construídas pechadas a pesar de que hai unha demanda moi importante de prazas neste ámbito?

¿É para vostedes boa xestión que se estean dando retrasos nos pagamentos da Lei de dependencia que non aconte-

cían ata que vostedes chegaron a este Goberno? No caso referido dos coidadores, por exemplo, que xa vimos como en dúas ocasións se retrasaron neses cobros, que antes se realizaban relixiosamente antes dos dez primeiros días do mes.

Vemos tamén como neste ano 2010 non están pagando os programas de cooperación no ámbito laboral e que hai moitas entidades sociais que están acollidas a eses programas que están pasando verdadeiras dificultades, porque teñen traballadores e traballadoras aos que vostedes, por algunha razón insólita, a pesar de ter eses recursos atribuídos, non están pagando e non están executando eses pagos.

¿Entenden vostedes por boa xestión que é que teñamos retrasos no pagamento do salario da liberdade? É desde logo asombroso.

¿Entenden vostedes que é boa xestión reducir un 50 % a licitación de obra pública? Precisamente nun momento no que o que requiría a situación do país é que o Goberno estivese con capacidade e con actividade para facerlle fronte á crise económica, que é sinceramente un dos aspectos que máis nos preocupa de como vimos a evolución deste debate e tamén das propostas de resolución e do resultado das que finalmente están aprobadas ou están transaccionadas.

Para nós, as propostas de resolución que presentou o Grupo Parlamentario Popular, en consonancia coas que xa anticipara o presidente da Xunta de Galiza, demostran, en todo caso, que non están dispostos a poñer en marcha cambios estruturais, que seguen vostedes erre que erre incidindo nos mesmos problemas, incidindo nos mesmos defectos e sen capacidade para mobilizar os recursos que ten a administración económica para poder cambiar o paradigma.

Estrañanos, señorías, que sigan vostedes obsesionados, e que o reflexen nas súas propostas de resolución, coa estabilidade orzamentaria, que, por certo, non se entende cando ven vostedes ademais a necesidade de modificar eses marcos, de modificar como constrinxen a capacidade de endebedamento da Xunta de Galiza. Vostedes este ano recorreron ao máximo de endebedamento, e saben que é necesario mobilizar máis recursos. Nós cremos que o que hai que facer é apostar por modificar ese marco de estabilidade orzamentaria, porque nun momento de crise económica un Goberno ten que estar para atender as necesidades do seu país e ten

que mobilizar, polo tanto, o máximo de recursos que poida, e non como está acontecendo na actualidade.

Comprobamos tamén como seguen facendo pois unha confesión de fe aos principios neoliberais que ademais logo contradín claramente nas súas actuacións. Non entendemos, por exemplo, ou pódenos parecer moi ben, que presenten como unha das solucións unha aplicación mellor de todo o que se refire ao control da competencia. Parécenos ben, pero en todo caso o que nos resulta curioso é ver aquí as súas contradicións, porque vostedes din que están a favor da liberalización dos servizos, da liberalización do funcionamento da economía, ¡ah!, pero en abstracto, porque logo vemos que, por exemplo, cando aplican a Directiva de servizos, uns meses antes de que entre en vigor, tramitan a lume de carozo unha reforma da Lei de transportes simplemente para manter un réxime que evite esa libre concorrência. Toda unha maneira de demostrarnos a súa coherencia e como acreditan na práctica neste tipo de concepcións.

Vimos tamén con moita preocupación como todas as medidas estruturais que propón o Bloque Nacionalista Galego non se recollen e o Goberno, o Partido Popular neste caso, non está disposto a modificar nada. Ante a crise do sector lácteo, ningunha das medidas de cambios estruturais de axudas ao sector, de mobilización de terras agrarias, vostedes non son capaces de aceptalas. É máis: polo que optan é por desmantelar o Banco de Terras ou por seguir falándonos dunha marca de calidade para o leite, que nos parece ben, pero que non é a solución estrutural aos problemas que neste momento ten o sector lácteo. No sector pesqueiro, pónenlles vostedes moitos deberes ás outras administracións, pero non son capaces de adoptar medidas e de propoñer medidas de resolución neste marco. O problema do turismo do Xacobeo redúceno culpabilizando a outros ou dicíndonos que ten que haber máis estatísticas. A nós desde logo parécenos que isto non é o modelo.

Cremos que darlle, neste momento, que fiar a saída económica, a saída á crise económica que neste momento ten o noso país, a un futuro plan, sobre o que non temos referencias, nin de cal vai ser a súa aplicación, nin de cal vai ser o seu contido, nin de que con que orzamentos vai contar, é dicirlle ao conxunto dos galegos e das galegas que teñen que seguir esperando por unha resposta á crise. E a nós, señorías, non nos parece serio, porque vostedes chegaron a este

Goberno prometendo sacar a Galiza da crise en corenta e cinco días; un ano non lles chegou para tomar nin unha soa medida. É máis: seguimos vendo como a crise profundiza e mentres tanto vostedes o que teñen é inactividade. Polo tanto, nós temos propostas no ámbito económico de cambios estruturais que apostan polos sectores produtivos, que apostan porque o noso país teña outro papel a nivel de autogoberno. Propostas que queren reforzar os servizos públicos neste país, e lamentablemente nestes temas vostedes non queren acoller nin unha soa das propostas que nós realizamos.

Da mesma maneira que temos que lamentar que o Partido Popular siga coa súa cerrazón a negarse a volver ao consenso que supoñía o Plan xeral de normalización lingüística. Ese era o camiño e a oportunidade que hoxe tiñan de demostrar que cren neste país e que están por consensos que realmente sirvan para que a nosa lingua estea nunha mellor posición, e non continuar cunha situación que a conduce á exclusión en moitos ámbitos e mesmo que vostedes queren limitar a capacidade de coñecemento da nosa lingua no futuro aos nenos e ás nenas deste país.

Lamentamos tamén non ter moito máis tempo —e xa remato— para poder expoñer a nosa perplexidade ante ese Plan demográfico que nos propón a Xunta de Galiza, que en teoría era a gran proposta coa que viña o señor Feijóo a este debate e que non se concreta en nada. E, sobre todo, preocupáanos moito que vostedes falen de que é necesario apoiar ás familias, especialmente a situación das mulleres nas familias. Non sabemos que é o que lles preocupa da situación das mulleres nas familias, desde logo que teñan recursos de conciliación vista a súa política, non...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señora Pontón, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ... que teñan mecanismos para mellorar a súa inserción laboral á vista da súa política, non. Moito nos tememos que detrás deste tipo de posicións unicamente o que hai son retrocesos no ámbito da igualdade —como dicíamos— e volver a que as mulleres ocupen ese papel subordinado na sociedade na que vivimos.

Nós non defendemos ese tipo de modelos. O BNG presentou neste debate do estado da nación máis de 325 pro-

postas de resolución con ideas que se podían levar adiante xa neste ano, para facerlle fronte á crise, para mellorar os nosos servizos sociais; en definitiva, para que Galiza fora unha sociedade máis cohesionada e realmente o Goberno se movera para facerlle fronte ao paro, para facerlle fronte á destrución de emprego.

Lamentamos, señorías, que vostedes prefiran quedarse no plano declarativo e non asumir compromisos concretos.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra don Xoaquín Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Boas tardes de novo.

Antes de nada, un par de respostas breves ao portavoz do Partido Popular. Paréceme que o seu silencio en relación con se Galicia estaba hoxe ou non mellor que hai un ano, señor Puy, é elocuente, e voume quedar con iso, non imos insistir máis.

En todo caso, paréceme que o seu intento de comparar o señor Alberto Núñez Feijóo con Jimmy Carter pois está máis logrado, porque (*Interrupcións.*)... Non, non, é que o responsable político en Galicia é o señor Alberto Núñez Feijóo, non poden mirar para outro lado; son vostedes os responsables do que pasa aquí. O seu galeguismo cordial, señor Alberto Núñez Feijóo, debería de levalo a entender que coa autonomía que temos, co nivel de autogoberno que temos, pois vostede tamén é responsable do que pasa en Galicia; se non é responsable, pois díganolo (*Aplausos.*)

É moi fácil pórllles deberes aos demais e botar a un lado as responsabilidades propias, e este debate e as súas propostas de resolución así nolo indican; das, en fin, menos de 100 propostas que presentan, das oitenta e tantas propostas que presentan, máis de 25 son peticións ao Goberno central; incluso nalgunhas áreas trasladan bastante máis peticións ao Goberno central que non a asunción de compromisos propios; ese é o primeiro dato relevante deste debate.

O segundo, que ao redor de 25, plans; está ben, hai que planificar; ata agora parece ser que non o facían así; está ben

que aprendan a planificar; o que sucede é que estes plans, que teñen ademais un ámbito de realización de aproximadamente un ano, quere dicir que perderon a metade de lexislatura pensando na situación que ten Galicia; está perdida a metade da lexislatura, non vai haber accións efectivas para isto. Isto é o contido principal das súas propostas de resolución: 25 compromisos en relación co Goberno de España e 25 plans, sen concreción, sen prazos, sen orzamentos, sen inclusión nos orzamentos, que aprobaron vostedes por maioría absoluta; pois ben, iso é un problema para este país, ese é o principal problema que ten hoxe este país: que o Goberno da Xunta non está.

E despois algunha cuestión tamén interesante en relación coas súas propostas. Vostede fixo onte, señor Alberto Núñez Feijóo, unha declaración interesante, que é non intentar trasladar a xeracións futuras os custos das súas decisións, o cal parece razoable ata un punto, pero en todo caso, tomando isto como referencia, hai que dicir que vostede ao mesmo tempo aprobou pois un orzamento nesta Cámara que significa o maior nivel de déficit público de toda a historia da comunidade autónoma, o maior nivel; significa que en tres anos, con ese nivel de déficit público, vostede vai duplicar a débeda que lles trasladaremos aos nosos fillos.

Entón, unha cousa e a outra pois non é moi razoable. E fai algo parecido cando nos di que vai financiar con colaboración público-privada os hospitais de Pontevedra, de Vigo e os PAC, os centros de saúde, porque iso significa que van ser pagados durante vinte anos; de novo, transferencia de débeda cara ao futuro, máis caro, máis caro... (*Murmurios.*) –Señora presidenta, eu a verdade é que preferiría que me deixaran acabar a miña exposición normalmente–..., en todo caso, máis caro, trasladado ao futuro e pondo en perigo a sostibilidade do servizo sanitario público nos próximos anos. Isto non se compadece demasiado ben con esas proclamas.

Rapidamente, en relación cos impostos. Non se pode pedir sempre máis ao Goberno de España en infraestruturas, en financiación autonómica e en tantas e tantas cousas, máis de 25 compromisos e peticións, defender ao mesmo tempo a necesaria redución do déficit público en España, porque iso é un compromiso de sostibilidade a medio prazo do noso sistema e ao mesmo tempo querer atar de pés e mans a aqueles que están gobernando en España. Todo iso non é fácil e a súa

proposta de modificación fiscal é puro oportunismo; non é o IRPF —que é a promesa electoral central, porque si ten custos—, é en vivenda, agora que por certo non se vende, e que vai ter un escaso impacto, só para intentar adxudicarse unha medalla na medida en que o Goberno de España pon en marcha a través desa oferta e ese pacto un compromiso de apoiar firmemente a rehabilitación.

Saquen vostedes unha medida sen custo, que ten boa venda, para dicir: isto é cousa nosa. Pois non vai ser así, porque iso ten un impacto —como vostedes saben— escasísimo; é absolutamente ineficaz, é absolutamente ineficaz. A cuestión non é o problema da vivenda hoxe. ¿Que pasa coas vivendas construídas hai vinte e cinco ou trinta anos? Non, non, o problema son as promocións que están sen acabar, ou as promocións que están acabadas e sen vender; ese é o grave problema que ten hoxe o mercado inmobiliario, e para iso vostedes non teñen ningunha medida, porque están ligando a rebaixa fiscal simplemente a aquelas vivendas que se venden para ser rehabilitadas, é dicir, as vivendas vellas. E, ademais, é unha medida sesgada e regresiva socialmente, porque a aplican a segundas vivendas e non están introducindo ningún criterio de valor nin de renda en relación cos seus beneficios fiscais; e, sobre todo, esa medida, señor Núñez Feijóo, non responde a ningunha necesidade.

En relación coas caixas, vostedes, a pesar do esforzo de consenso que fixemos hai escasos minutos, que consistía en aceptar a súa proposta, introducindo unicamente —escoiten ben— un pequeno engadido que dixera “de acordo coas entidades de aforro, para o impulso dun proceso de fusión...”, din que non a esta transacción, e vostedes saben perfectamente que ese acordo das entidades de aforro é unha esixencia legal en todo o proceso de fusión; non se pode facer pasando por riba das decisións dos órganos de goberno das caixas, é imposible, non é posible legalmente; pero nin sequera queren colocar isto na proposta de resolución hoxe; vostedes sigan, sigan empeñados en vencer e non en convencer, sigan empeñados... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...sigan empeñados, e non conseguirán levar ese proceso de sostemento do sistema financeiro galego, de mantemento dos centros de decisión aquí, a bo porto.

En relación coa política lingüística, vostedes queren que avalemos —e alabemos— o seu decreto, que reduce o uso do galego no ensino. Nós estamos co conxunto da sociedade, coa maioría da sociedade, estamos co Consello da Cultura Galega, coa Real Academia Galega, estamos co Parlamento de Galicia no ano 2004 —algúns de vostedes están hoxe aquí—, que de forma unánime aprobou o Plan xeral de normalización lingüística; estamos acompañados e estamos avalados por todo isto; só se racha o consenso, señor Núñez Feijóo, no momento en que vostede chega á Presidencia do Partido Popular de Galicia, só nese momento se racha o consenso lingüístico (*Aplausos.*) E o equilibrio que nós propoñemos é un equilibrio de resultados, como ben saben vostedes; nós queremos que ao finalizar o sistema educativo todos os cidadáns, todos os estudantes sexan capaces de manexarse perfectamente nos dous idiomas, polo que é necesario introducir medidas de protección en favor do idioma que ten máis dificultades, que é o idioma galego, e ao mesmo tempo somos firmes partidarios da liberdade de uso por parte dos cidadáns do idioma que prefiran.

Coñecendo os dous, é posible articular un modelo de consenso, un modelo bilingüe, plenamente bilingüe neste país, pero o modelo bilingüe significa que todos coñezamos os dous idiomas, e ese é o noso norte, señor Núñez Feijóo.

En relación cos pactos, nós propuxemos algúns pactos. Vemos que un deles, que é o pacto pola reactivación económica e o emprego, vai ser aceptado polo Partido Popular. Parécenos moi ben. Hoxe acabamos de coñecer todos que se cerrou o pacto polo territorio en relación coa primeira modificación da Lei do solo, o cal parece tamén unha boa noticia e nos permitirá abordar mellor os seguintes.

En todo caso, a reactivación económica e o emprego debe sosterse nun instrumento parlamentario e debe ir acompañado —e ese debe de ser o compromiso que adoptemos entre todos— de medidas de concreción de prazos, a posibilidade de, máis alá do rótulo, ser capaz de encher de contido ese pacto. Aceptámolo tamén, porque nos parece que este debe de ser un gran acordo de todas as forzas políticas deste país, un pacto pola revitalización demográfica, tamén acompañado do seu instrumento parlamentario para que, coa colaboración de expertos universitarios e de entidades de carácter social, poidamos definir entre todos as medidas que permitan garantir a sostibilidade demográfica deste país a

medio e longo prazo, e niso deberíamos ser capaces de pór-nos de acordo entre todos, tamén cun instrumento parlamentario.

Todas as propostas que incorporasen concreción, pactos, orzamento, etc., e que vaian na mesma liña das que nós propuxemos van ter o noso apoio; nós imos apoiar tamén –en fin, por riba do 80 % non me atrevo, porque aínda acaban de chegar as últimas negociacións– por riba do 80 % das propostas do Bloque Nacionalista Galego e por tanto damos unha mostra de entender a grave situación en que estamos, de man tendida, de comprensión das posturas dos outros e de intentar sacar a este país adiante.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra don Pedro Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Pontón, desculpe a miña chegada tarde, que se debía única e exclusivamente a que, como sabe, estabamos negociando, como fixemos con vostedes antes, algunhas transaccións cos demais grupos da Cámara.

Dito isto, recoméndolle tamén que preste atención ao que digo, porque realmente, claro, se eu digo o señor Jimmy Carter Zapatero e iso o interpretan como que estou ferindo o presidente, e se estou dicindo que en Galicia o cambio significativo que hai no último ano é que hai un Goberno que ten un plan económico, e ese plan económico se traduce nun discurso do presidente que traemos a unhas propostas de resolución para este ano; este Goberno traballa nun contexto, e se o Goberno central fai cousas como subir o IVE –no que vostede coincide comigo en que, ademais de ser regresivo, é contracíclico e polo tanto é un desastre–, pois coincidirá comigo en que os galegos a través do seu Parlamento se poden expresar e dirixirse ao Parlamento español.

Convirá vostede comigo en que se a Xunta está pagando practicamente o 70 % das axudas da Lei da dependencia, cando o Estado ten a obriga de pagar o 50 %, parece razoable e sensato que esta Cámara se pronuncie nese sentido.

Agora, digo isto, por se tiña vostede algunha dúbida, por favor, non dubide que eu apoio o presidente e o seu Goberno ao 100 %. (*Aplausos.*)

As propostas de resolución que teño que comentar demostran outro cambio significativo, e é que se liberaron as portas do encoro que mantiñan retidas as propostas de resolución do Bloque e do Partido Socialista. O ano pasado, entre os dous, presentaron 31 propostas de resolución; este ano o Bloque vén con 325 e o PSOE vén con 29, que teñen cada unha sete, oito, dez puntos, co cal, facendo unha media, pois saen outras 290; é dicir, temos aí 600 propostas da oposición, que cando gobernaban e cando tiñan que respaldar o seu Goberno, é dicir, cando tiñan que poñerse de acordo e traer propostas de resolución que estiveran de acordo os dous, pois sumaban 31.

Iso é unha perfecta metáfora do cambio. (*Aplausos.*) Como o é que este ano non esteamos a votar unha proposta de resolución de apoio ao xogo da billarda.

Evidentemente, fóronse as portas. Eu teño unha simplemente a título de exemplo, a proposta número 78 do Bloque, di o seguinte: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realitzar a anunciada ordenación da educación infantil en Galicia e facer efectivo de xeito inmediato o traspaso do ciclo de 0 a 3 anos á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.”

Isto é inverosímil. Vostedes firman un pacto de Goberno no que expresamente sacan as garderías infantís para xestionalas vostedes e impoñer un modelo... (*Murmurios.*) e resulta que cando vén este Goberno e lles chama garderías e as vai levar a Educación, vostedes urxen ao Goberno a facer iso. (*Aplausos.*) Vaino facer.

Gustárame tamén salientar –porque parece que hai algún problema no entendemento dalgúns conceptos que son moi básicos– que significa xestionar ben; home, xestionar ben significa, por exemplo, non poñer no concello de Lourenzá como terreo arrendable do Bantegal un cemiterio; isto non é xestionar ben (*Aplausos.*) Xestionar ben non é, por exemplo, tampouco crear un salario da liberdade, que ten un fin extraordinariamente nobre e loable cal é o de axudar as mulleres vítimas da violencia de xénero, e facer unha xestión tremenda.

O primeiro ano, no ano 2006, resulta que non previron os fondos que ían aplicar ao salario da liberdade, sen estimación orzamentaria, o que provocou considerables demoras na xestión mentres se buscaban os recursos para pagar as subvencións prometidas. No ano 2007 –que foi o segundo ano de xestión desta prestación– o orzamento reduciuse, o que obrigou a que no ano seguinte houbera un orzamento moito maior para pagar os atrasos do ano 2007. (*Interrupcións.*) E no ano 2009 foi cando se arranxou... bueno, primeiro, no ano 2009, cando chega este Goberno, o primeiro que ten que facer é unha ampliación de crédito para pagar o salario da liberdade. Porque vostedes non tiñan presupostado nin orzamentado o diñeiro. (*Interrupcións.*) E, finalmente, no ano 2010...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PUY FRAGA:...no ano 2010 este Goberno ampliou nun 7 % o orzamento das axudas ás mulleres vítimas de violencia de xénero, por un total de 1,5 millóns de euros. Pero é que, ademais, agora, precisamente, en aras do que se entende por eficacia na administración, como hai un único organismo e non dous que tratan da promoción da muller, que van ser a Secretaría Xeral e non o Servizo Galego, que se incorpora á Secretaría Xeral –porque están facendo o mesmo e son dous organismos redundantes e que ademais nós incorporamos á Administración xeral e sacamos, polo tanto, do concepto de chiringuitos–, toda a xestión vai permitir que a través de pagos únicos todas as mulleres que necesitan o salario de liberdade, nun momento especialmente duro de crise económica, teñan o salario nese pago único. Iso é unha cousa que nós chamamos humildemente unha xestión mellor, iso é xestionar mellor os recursos, que é o que este Goberno está a facer. (*Aplausos.*)

Tamén se pode falar de boa xestión cando falamos do endebedamento –que foi mencionado polos dous portavoces–. Por exemplo, no 2008, cando a crise viña, era un bo momento para subir o umbral de endebedamento da Xunta. Vostedes non o fixeron, non esgotaron o nivel de endebedamento que permitía o pacto de estabilidade. Xestionar ben o endebedamento non é meter nos orzamentos do 2009 unha operación de creto a curto prazo para devolver no 2010 de 250 millóns de euros, sen os cales posiblemente agora este Goberno podería ter menos necesidade de recorrer á colaboración público-privada. Porque hai que devolver 200 millóns

de euros dunha soa tacada, por unha operación de endebedamento absurda dunha mala xestión que se fixo pola parte do bipartito no ano pasado.

E xa cando un chega ao pasmo total é cando se encontra que un Goberno que, precisamente porque os anteriores se endebedaron mal e non se endebedaron cando tiñan que endebedarse para manter o nivel de investimento, vai ao máximo de endebedamento dentro do pacto de estabilidade, e vostedes o critican. Realmente isto é absurdo. E vindo de quen se di, socialdemócratas de esquerdas, que nos digan a nós que estamos indo ao máximo endebedamento dentro do pacto de estabilidade precisamente para manter o investimento e o gasto social, bueno, pois resulta contradictorio –imos dicilo así–.

Mire, falemos da débeda para as xeracións vindeiras. Nun só mes o Goberno do señor Zapatero emitiu débeda por máis de 12.700 millóns de euros. 12.700 millóns de euros nun mes de débeda, que é moito máis que o presuposto enteiro da propia Xunta de Galicia. ¿E onde está o déficit, onde está o problema de endebedamento en España? Non en Galicia, está na Administración xeral do Estado, que é a que se está endebedando e a que ten... (*Interrupcións.*) Home, por favor, do 12 do PIB que temos de déficit público este ano o 10 % corresponde á Administración central do Estado. E o máis triste é que é sen escasos ou con escasos resultados. Iso si, hai que cubrir o burato; iso si, para cubrir o burato non se lles ocorre mellor cousa que subir o IVA, que é o imposto máis regresivo que hai no sistema fiscal español. Estupendo. (*Risos.*)

Finalmente, eu a verdade é que non entendo ás veces onde se quere colocar a esta casa e a este Parlamento, quen cre no autogoberno e quen cre que esta Cámara representa a todos os galegos. Aquí se nos di que poñemos nunha moción dirixida e que di literalmente: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que continúe –a Xunta– a defender, de acordo coas resolucións emanadas do Parlamento” –desta casa– “a solvencia e a galeguidade das caixas de aforro de Galicia, o que na actual conxuntura conleva ao impulso dun proceso de fusión das actuais caixas de aforro”. E vostede me di que o faga de acordo coas caixas, que eu me poña de acordo co Parlamento para animar ao Goberno ou que eu me poña de acordo coas caixas para ver o que é a solvencia. Realmente isto é increíble, é poñer a uns órganos

dunha sociedade privada, as caixas, dunha fundación, dun ente benéfico que realiza unha negociación que ademais é fiscalizada pola Xunta e vostede quere que os fiscalizados se poñan de acordo para algo que afecta ao país.

Miren, déixense de desculpas: ¿están vostedes a favor de que, de acordo coas resolucións aprobadas por esta Cámara, se defenda a solvencia e a galeguidade das caixas de aforro por parte da Xunta de Galicia, o que na actual conxuntura conleva ao impulso dun proceso de fusión das actuais caixas de aforro? ¿Si ou non? É bastante sinxelo. Proposta de resolución número 15.

Señor Vázquez, vostede estivo tres meses dicíndolle a este señor que estaba calado coas caixas e que tiña que falar, e mesmo chegou a dicir que íamos perder as caixas porque o Goberno non decidía. E cando o Goberno decide e apoia un proxecto de fusión viable, cun informe dunha auditoría moi solvente, resulta que vostede di que as caixas... (*Interrupcións.*) Aquí está a resolución, é o número 15, esperamos a ver que votan. (*Aplausos.*)

Dito isto, nós temos pactado apoiar 23 das propostas do Bloque, transaccionamos 10 das propostas que presentou o Bloque e 2 das que presentou o Partido Socialista. Desgraciadamente polo tempo non puidemos transaccionar máis; este é un problema que a Xunta e a Mesa de Portavoces terán que poñer enriba da mesa para a sesión do vindeiro ano. Pero aí quedan aprobadas, en contraste co que pasaba no anterior período. Porque, efectivamente, aquí hai un cambio de Goberno, un Goberno que, ademais de ter un plan económico, ademais de xestionar mellor que o anterior, tamén quere diálogo, quere pactos en temas como o das caixas ou en temas como o da lingua galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Puy.

A continuación imos dar lectura polo secretario da Mesa das propostas modificadas ou transaccionadas.

Ten a palabra o señor Balseiro.

O señor SECRETARIO (Balseiro Orol): Grazas, señora presidenta.

Resolucións transaccionadas subseguintes ao debate de política xeral do 2010.

Transacción elaborada coas propostas de resolución número 59, do Grupo Popular: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, tendo en conta os estudos que está a elaborar en relación á situación demográfica da nosa Comunidade Autónoma e co fin de acadar o máximo consenso social e político posible, presente na Cámara unha proposta de pacto polo rexuvenecemento de Galicia que inclúa medidas a aplicar a curto, medio e longo prazo para a revitalización demográfica. Coa finalidade da súa tramitación e previo cumprimento dos requisitos regulamentarios, creárase unha Comisión non permanente de estudo no Parlamento de Galicia durante o ano 2010.”

Transacción elaborada coas propostas de resolución 1 do Grupo Popular de Galicia: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que, continuando no avance da reorganización do sector público autonómico e a racionalización do gasto público e a promoción da eficacia e eficiencia no ámbito da Administración institucional, presente antes do remate do mes de setembro do ano 2010 os seguintes proxectos:

1. O Proxecto de lei do Goberno e da Administración pública da Comunidade Autónoma, que actualice a vixente Lei da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

2. O Proxecto de lei de entidades instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia, que estableza un modelo eficiente para os entes instrumentais.

3. Rematar o Plan de avaliación dos entes instrumentais dependentes da Xunta de Galicia co obxecto de acadar o seu redimensionamento.”

Tres. Transacción elaborada coas propostas de resolución 3 do Grupo Popular: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar no ano 2010 a extensión no territorio galego dos parques de bombeiros, contra incendios e de salvamento, nomeadamente na provincia de Lugo, de xeito que se complete e consolide o sistema galego de xestión das emerxencias neste ámbito de intervención.

Impulsar no ano 2010 a construción dos servizos de prevención de incendios, nomeadamente dos consorcios de Ourense e Pontevedra, a día de hoxe non constituídos.”

Transacción coa emenda 76 do Grupo Popular: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar a adiante a integración das competencias en materia de audiovisual nun organismo público antes do mes de xullo.”

Transacción elaborada coas propostas de resolución 71 do Grupo Popular: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver unha planificación estratéxica conducente a establecer un sistema portuario galego que estaría constituído en torno a un único eixe, cunha planificación única que permitiría ofrecer servizos de transporte marítimo con criterios de competitividade, ao dispoñer de recursos suficientes, diferenciados e distribuídos para responder ás necesidades das empresas e clientes.

Esta planificación deberá estar dirixida cara a un desenvolvemento integral dos peiraos comerciais existentes en Galicia, incluídos os de titularidade estatal, determinando as liñas de colaboración de cara a completar as súas actividades e desenvolver sinerxías entre eles, sen prexuízo do mantemento da súa estrutura actual de regulación e xestión territorializada.”

Transacción coa emenda 79 do Grupo Popular: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reformar o marco normativo da Lei do deporte galego, nomeadamente a Lei do deporte de Galicia, antes do remate do 2010, procurando adaptala ás necesidades actuais da sociedade galega nun marco consensuado, garantista e respectuoso coas súas particulares características.”

Transacción elaborada coas propostas de resolución 81 do Grupo Popular: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a pór en marcha no prazo dun ano o Centro de recuperación integral para mulleres que sofren violencia de xénero, en cumprimento do artigo 49 da Lei 11/2007, galega, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, co obxectivo de dotar a rede galega de servizos de acollemento dun instrumento esencial para o tratamento das vítimas e a súa plena reinserción á sociedade.”

Transacción elaborada coas propostas de resolución 16 do Grupo Popular: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta

de Galicia a presentar no Parlamento e a poñer en marcha no transcurso deste ano 2010 un novo Plan de residuos sólidos urbanos para Galicia, realizado con perspectiva de futuro, adaptado á realidade galega e acorde coas políticas comunitarias de redución, reutilización, reciclaxe e valoración dos residuos.”

Transacción elaborada coas propostas de resolución 6 do Grupo Popular e Bloque Nacionalista Galego: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a asegurar que a Cámara sexa a institución central da política galega, garantindo de xeito efectivo o cumprimento dos seus acordos, incluídos os de impulso, e permitindo o exercicio da función de control no que afecta á axilidade e á calidade nas respostas e achegas de documentación por parte do Goberno e dos organismos dependentes.”

Transacción elaborada coas propostas de resolución 11 do Grupo Parlamentario Popular e Bloque Nacionalista Galego: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a mellorar a eficacia dos órganos xudiciais da nosa Comunidade mediante o establecemento de servizos comúns procesuais de execución, de acordo coa lexislación vixente.”

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Transacción elaborada coas propostas de resolución 23 do Grupo Popular e do Bloque Nacionalista Galego: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a solicitar do Ministerio de Xustiza a creación urxente de xulgados específicos de violencia de xénero comarcalizados nos partidos xudiciais de Ourense, Santiago, Pontevedra, Ferrol e Lugo, para dar servizo a estes e aos partidos xudiciais veciños, garantindo a posta á disposición das infraestruturas e medios necesarios para a súa posta en funcionamento no momento en que se acorde a súa creación.”

Transacción elaborada coas propostas de resolución 32 do Grupo Popular e do Bloque Nacionalista Galego.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a establecer a liña de colaboración cos concellos para a realización de traballos de silvicultura preventiva nos núcleos rurais, axilizando a súa tramitación para a sinatura dos convenios no prazo máximo de dous meses, establecendo o remate das actuacións para o remate do presente semestre, e a realizar

as oportunas modificacións orzamentarias para garantir que a totalidade dos concellos poidan realizar estas actuacións con trato igualitario.”

Transacción elaborada coas propostas de resolución 38 do Grupo Popular e do Bloque Nacionalista Galego.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a establecer axudas de colaboración para que poidan elaborar os correspondentes plans locais de prevención de incendios.”

Transacción elaborada coas propostas de resolución 39 do Grupo Popular e do Bloque Nacionalista Galego.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a establecer medidas orientadas a paliar a crise que están padecendo as empresas e industrias, especialmente as pemes que operan no sector forestal en Galicia, a través dunha liña de axudas e transformación dunha dotación orzamentaria.”

Transacción elaborada coas propostas de resolución 97 do Grupo Popular e do Bloque Nacionalista Galego.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar as xestións oportunas para contratar durante o ano 2010 unha nova pediatra para o Centro de Saúde de Tui.”

Transacción elaborada coas propostas de resolución 201 do Grupo Parlamentario Popular e do Bloque Nacionalista Galego.

“O Parlamento galego insta o Goberno galego a impulsar e estender o novo papel da enfermería a todos aqueles problemas de saúde para os que está capacitada legalmente a prescrición por enfermeiro ou enfermeira e o seguimento de procesos crónicos, así como a atención domiciliaria dependente e a coordinación sociosanitaria, tanto cos dispositivos de coordinación sociosanitarios e hospitalarios como cos servizos sociais.”

Transacción elaborada coas propostas de resolución 202 do Grupo Popular e do Bloque Nacionalista Galego.

“O Parlamento galego insta o Goberno galego a mellorar a atención médica especializada incorporando e potenciando alternativas á hospitalización tradicional que, ade-

mais de mellorar o benestar das persoas doentes, colaboren nunha máis eficiente xestión hospitalaria, como unidades de cirurxía sen hospitalización, unidades de corta estada médica ou cirúrxica, unidades de dor aguda crónica, unidades de hospitalización domiciliaria e hospitais de día polivalentes.”

Transacción elaborada coas propostas de resolución 132 do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Popular.

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a adoptar as medidas precisas para que o galego se converta na lingua normal da administración de xusticia, adoptando como mínimo as seguintes medidas:

a) Poñer en marcha medidas que fomenten a competencia lingüística dos xuíces e maxistrados que garanta a súa competencia en galego para a súa práctica profesional en Galicia.

b) Garantías de coñecemento e uso do galego por parte do funcionariado da administración de xusticia, evitando así os casos de discriminación que se producen de xeito continuado.

c) Dotación de programas e aplicacións informáticas que garantan os procesos en galego.”

Transacción elaborada coas propostas de resolución 217 do Grupo Popular e do Bloque Nacionalista Galego.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a ampliar a rede de espazos naturais protexidos ata chegar ao 18% do territorio galego e a deseñar instrumentos para favorecer o desenvolvemento económico nos espazos naturais, fomentando o desenvolvemento sustentable en beneficio da poboación residente.”

Transacción elaborada coas propostas de resolución 267 do Grupo Popular e do Bloque Nacionalista Galego e coa 164 do Grupo Socialista.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar e presentar ante o Parlamento de Galicia o II Plan galego de seguridade viaria para seguir [...] dende a participación e a colaboración interadministrativa por

condutas e actitudes que erradiquen a sinistralidade nas nosas estradas, intentando o mapa actual dos tramos potencialmente perigosos, así como a sinalización e os tramos de concentración de accidentes na rede autonómica de estradas.”

Nada máis e moitas gracias, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Balseiro.

Si, señor Ruíz Rivas, ¿para que quere a palabra?

O señor RUÍZ RIVAS: Si, presidenta.

Simplemente para decir que algunha das transaccións ás que se dixo que se chegara co Grupo Parlamentario Popular non era precisamente co Grupo Parlamentario Popular.

Entonces eu o que lle podo é volver a repetir cales son, porque aquí léronse acordos ou transaccións entre os outros dous grupos. Eu quero decir que, á hora de votar, vostede o que leu como que o Grupo Parlamentario Popular había chegado a determinados acordos, non chegou, era transacción entre os outros dous grupos. Polo tanto, o que lle preocupou a este portavoz foi ver unha transacción na que se decía que estaba o seu grupo.

A señora PRESIDENTA: Como pode supor, con todas as transaccións e todos os plantexamentos que houbo en todo este tempo, algún erro sempre hai. Pero agora quedamos cos portavoces de facer un pequeno receso de cinco minutos para cotexar todo e, sobre todo, como cada un dos grupos pide votacións por separado, aquí temos votacións que eu non quero confundirme, pero hai votacións de distinto calibre e tipo. E, sobre todo, porque algúns tamén queren votacións por separado, e, por tanto, a min me gustaría cotexar e que non haxa ningún erro. Eu as teño aquí, pero simplemente quero que cada un dos grupos cotexe que efectivamente non hai erro posible.

Por tanto, facemos un pequeno receso e comprobamos, por favor, todas as votacións.

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

A señora PRESIDENTA: Ben, señorías, reiniciamos a sesión.

A ver se logramos entre todos sacar adiante estas votacións, que, polo número de propostas e polo plantexamento que se fixeron nas transaccións, pois resulta un pouco complicado. Eu espero non trabucarme, e, se non, pois pido tamén que se me diga se hai algún erro no plantexamento do voto.

Entón, se lles parece, vamos a votar.

Pechamos as portas.

Comenzamos votando as transaccións entre os distintos grupos parlamentarios.

Votación das transaccións números 4, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 21, 22, 23, 24 e 25.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas transaccións por unanimidade.

Votamos agora, a petición do BNG, por separado, as transaccións número 2 e 5.

Votación das transaccións números 2 e 5.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 62; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas transaccións.

Votamos agora, a petición do BNG, tamén por separado, as transaccións números 1, 3 e 8.

Votación das transaccións números 1,3 e 8.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 62; votos en contra, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas transaccións.

Pasamos a votar por separado, a petición do PP, as tres que quedarían, que serían a 18, 19 e 20.

Votación das transaccións números 18, 19 e 20.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas transaccións.

Por tanto, rematamos o que é a votación das transaccións e comenzamos polas propostas de resolución dos grupos, agás estas transaccións que xa están votadas.

Comenzando polo BNG, votamos en primeiro lugar, por separado, a número 249.

Votación da proposta de resolución número 249 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; abstencións, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición.

Votamos agora, a petición do Grupo Popular, as número 154, 161, 209 e 322.

Votación das propostas de resolución números 154, 161, 209 e 322, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; votos en contra, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas proposicións.

Votamos a continuación, por separado tamén, a petición do Grupo Popular, as número 37, 58, 67, 126, 151, 152, 157, 160, 183, 211, 212, 213, 228, 253, 259, 306, 308 e 323.

Votación das propostas de resolución números 37, 58, 67, 126, 151, 152, 157, 160, 183, 211, 212, 213, 228, 253, 259, 306, 308 e 323 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas por unanimidade.

Votamos agora, a petición do Grupo do BNG, as proposicións números 28, 48, 99, 108, 112, 115, 135, 143, 147, 165, 174, 176, 250, 261, 264, 268, 277, 284, 288, 289, 296, 300, 305, 310, 319, 325 e 408.

Votación das propostas de resolución números 28, 48, 99, 108, 112, 115, 135, 143, 147, 165, 174, 176, 250, 261, 264, 268, 277, 284, 288, 289, 296, 300, 305, 310, 319, 325 e 408 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 12; votos en contra, 38; abstencións, 24.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas proposicións.

Votación das propostas de resolución números 3, 131, 136, 150, 153, 162, 198, 207, 262, 269, 276, 278, 279, 285, 297, 298 e 319 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 12; votos en contra, 62.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación das demais propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Pasamos agora a votar as proposicións non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votamos en primeiro lugar, e por separado, a petición do Grupo Socialista, a proposta de resolución número 3.10.

Votación do punto 10 da proposta de resolución número 3 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 50.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

Votamos agora, dentro da mesma proposición de resolución número 3, a número 3.3 e a número 3.5, a petición do Grupo Parlamentario Popular.

Votación dos puntos 3 e 5 da proposta de resolución número 3 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados por unanimidade estes dous puntos da proposta de resolución.

Votación do resto dos puntos da proposta de resolución número 3 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da proposta de resolución número 3 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Votamos agora, a petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Popular, a proposta de resolución número 28.6.

Votación do punto 6 da proposta de resolución número 28 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 62; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto.

Votación dos restantes puntos da proposta de resolución número 28 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 38; abstencións, 12.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta de resolución número 28 agás o punto 6.

Votamos agora, a petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a proposta de resolución número 11.5.

Votación do punto 5 da proposta de resolución número 11 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 49.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

Votación da proposta de resolución número 11 do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás o punto 5.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votamos agora, a petición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, as seguintes propostas de resolución de xeito independente –a ver se non me trabuco–: a número 1, a número 2.5, a número 5.2, 6.3, 9.1, 9.2, 9.5, 16.1 e 18.1.

Votación da proposta de resolución número 1, o punto 5 da proposta número 2, o punto 2 da proposta número 5, o punto 3 da proposta número 6, os puntos 1, 2 e 5 da proposta número 9, o punto 1 da proposta número 16 e o punto 1 da proposta número 18, do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados por unanimidade estes puntos e propostas.

Votación dos restantes puntos e propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás os xa votados.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Pasamos agora a votar as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular, comezando pola votación por separado, a petición do Grupo Parlamentario Popular, da número 85.

Votación da proposta de resolución número 85 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 36.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votamos agora tamén por separado, a petición do Grupo Parlamentario Popular, a proposta número 15.

Votación da proposta de resolución número 15 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; votos en contra, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votamos agora, a petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a proposta número 13.

Votación da proposta de resolución número 13 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; votos en contra, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votamos agora, tamén a petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, as propostas números 6, 42 e 47.

Votación das propostas de resolución números 6, 42 e 47 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas por unanimidade.

Votamos agora, a petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, as propostas número 5 e 40.

Votación das propostas de resolución 5 e 40 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 24; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Votamos agora, a petición do Bloque Nacionalista Galego, a número 60.

Votación da proposta de resolución número 60 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 62; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución números 3, 19, 20, 21, 24 e 63 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 12; abstencións, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución números 4, 7, 11, 17, 18, 19, 21, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 36, 39, 55, 58, 61, 62, 65, 66, 67, 68, 69, 73, 74, 82 e 83 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 62; votos en contra, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Votación do resto das propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular, agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 36.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

A señora PRESIDENTA: Unha vez rematada a votación, e dado que os grupos de común acordo manifestaron a súa renuncia aos cinco minutos finais de explicación de voto, esgotada esta orde do día, levántase a sesión.

Moitas grazas a todos. *(Aplausos.)*

Remata a sesión ás dez e corenta e cinco minutos da noite.



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25